

**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 25 DE  
OUTUBRO DE 2012**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e cinco de outubro de dous mil doce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta María Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño, don José Antonio Orosa Fernández e dona Elisa Pestonit Barreiros, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás, de EU; don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Non asisten, con escusa, dona María Olga Santos López, de EU, e dona María Victoria Amor Prieto, do BNG.

Asisten dona M<sup>a</sup> Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1º Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 28 de xuño de 2012**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 28 de xuño de 2012.

Non se formulan alegacións polo que, a Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou o citado borrador.

**2º Proposta de aprobación do expediente de transferencia de crédito número 9/2012**

Vista a proposta da Alcaldía de data 22 de outubro de 2012.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 24 de outubro de 2012.

Concedida a palabra a dona Marta María Vázquez Golpe, concelleira do PP, explica que se trata dunha transferencia de crédito por valor de 155.079 euros por insuficiencia de crédito para poder afrontar determinadas obras, servizos e prestacións a realizar ata final de ano. Trátase de reparacións da rede de saneamento e abastecemento, reparación e mantemento da iluminación pública, subministración de enerxía eléctrica, reparacións no centro de saúde e servizo de axuda no fogar, isto último co fin de dar cumprimento á moción presentada polo grupo municipal de UxC para destinar as asignacións ás que renuncian ao servizo de axuda no fogar. Tamén está o tema da limpeza de colexios, investimentos en edificios de educación, mobiliario de edificios culturais, investimentos en instalacións deportivas e comunicacións telefónicas.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que seguindo o criterio establecido na comisión informativa de onte, o seu voto será a abstención, sempre que se manteña a palabra que lles deu a concelleira de Servizos Sociais, en canto que a modificación ou transferencia de crédito que se realiza para a aplicación orzamentaria de servizo de axuda no fogar, vai ser suficiente para concluír o ano e para dar servizo a toda a xente que o demanda. Volve dicir que baixo esa condición, o seu voto vai ser abstención.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, expón que eles van manter o voto da comisión, que foi abstención.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casas, voceiro de EU, en primeiro lugar quere desculpar á súa compañeira de grupo que non pode asistir ao pleno por estar internada. Respecto do asunto a tratar, di que vai manter o voto de abstención da comisión.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, expón que o seu grupo vaise abster.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, di que vai manter o voto de abstención da comisión.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e don Manuel Marante Gómez, concelleiro integrante do GM, e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, o concelleiro presente de EU, o concelleiro presente do BNG, e don José Antonio Baamonde López, concelleiro integrante do GM.

A Corporación, por oito votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito por transferencia de crédito número 9/2012, por importe de 155.079,07 euros co seguinte detalle:

Aplicación orzamentaria		Crédito anterior	Transferencia positiva	Transferencia negativa	Crédito definitivo
441.450	Plan transporte metropolitano	169.975,00		87.484,60	82.490,40
011.310	Intereses	185.652,91		55.000,00	130.652,91
132.22608	Educación vial	5.000,00		5.000,00	0,00
133.22709	Servizo retirada de vehículos	23.000,00		4.700,00	18.300,00
161.210	Reparacións rede abastecem. e saneamento	30.000,00	20.000,00		50.000,00
165.219	Reparac. e mantem. iluminación pública	2.000,00	30.000,00		32.000,00
165.22100	Subministración enerxía eléctrica	435.000,00	25.806,60		460.806,60
312.212	Reparacións centro de saúde	6.000,00	1.500,00		7.500,00
233.22711	Servizo de axuda no fogar	361.188,61	22.894,47		384.083,08
320.22700	Limpeza de colexios	202.774,57	2.500,00		205.274,57
320.622	Investimentos edificios educación	18.000,00	11.000,00		29.000,00
330.625	Mobiliario edificios culturais	3.200,00	5.428,00		8.628,00
342.622	Investimentos en instalacións deportivas	41.822,36	11.500,00		53.322,36
912.23000	Axudas de custo membros órganos de goberno	120.000,00		2.894,47	117.105,53
920.22200	Comunicacións telefónicas	120.000,00	24.450,00		144.450,00
	Totais	1.723.613,45	155.079,07	155.079,07	1.723.613,45

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de edictos do concello, para os efectos de que os interesados o poidan examinar e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.

### **3º Proposta de aprobación da modificación do anexo de operacións de capital non financeiras do orzamento municipal de 2012**

Vista a proposta da Alcaldía de data 22 de outubro de 2012.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 24 de outubro de 2012.

Concedida a palabra a dona Marta María Vázquez Golpe, concelleira do PP, explica que se trata de financiar os créditos do anexo de operacións de capital que están incluídos no orzamento do 2012, e que en principio ían ser financiados cunha operación de préstamo por importe de 529.000 euros, resultante da liquidación do orzamento do exercicio pasado, na contía igual á cantidade de capital amortizada no ano 2012.

A dita modificación faríase, primeiro, a través de remanentes que se incorporan ao orzamento de 2012 e que se corresponden a operacións de préstamo de anos anteriores para obras xa concluídas e que, polo tanto, son créditos sobrantos, en segundo lugar a través das baixas dalgúns plans complementarios da Deputación que non se chegaron a executar por non haber baixas no principal ou ben porque posteriormente foron incluídos noutros plans e foron xa executados e, en terceiro lugar, a través da baixa de créditos financiados con préstamo do Arume e que é posible dado o aumento da porcentaxe financiada polos fondos FEDER, que pasaron do setenta ao oitenta por cento, quedando como dispoñible ese dez por cento adicional.

Continúa dicindo que o importe total desas tres operacións sería de 224.969 euros, e deste modo trataríase de dotar aos investimentos, dun financiamento afectado que pasaría ao exercicio seguinte cun financiamento fixo, que non terían que dotar novamente. A outra parte do financiamento sae das obras do Arume xa finalizadas. Ao aumentar os fondos igualmente do setenta ao oitenta por cento, houbo un exceso de financiamento porque quedaron liberadas por importe de 81.098 euros.

Polo tanto, conclúe dicindo que a proposta é destinar as anteriores operacións de préstamo por importe total de 306.068 euros ao financiamento das actuacións do anexo de operacións de capital non financeiras do orzamento municipal de 2012, da forma que figura no anexo que teñen todos e que se entregou coa proposta e a resolución.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, expón que lamenta que se faga un recorte nas operacións de capital, que son os investimentos que se van realizar neste exercicio, e que xa de por si se orzamentaron dunha forma bastante curta ou exigua, nun montante de 1.351.000 euros, e que agora van quedar aproximadamente en 1.130.000 euros.

Segue dicindo que lamentan que se recorten parte das operacións de capital, en concreto as destinadas a equipamentos, seguridade e orde pública, e ao servizo de protección civil, e que tamén se elimine a partida destinada á adquisición de locais de oficinas administrativas. Eles entenden que debería terse feito un maior esforzo por parte do equipo de goberno para conseguir financiamento adicional noutras administracións, co fin de facer fronte a eses investimentos, xa de por si exiguos, e poderían ter buscado ese financiamento externo, tendo en conta as limitacións que teñen para financiarse con cargo a préstamo ou a financiamento propio.

Conclúe dicindo que, por todo o anterior, o seu voto vai ser abstención.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que adquirido o compromiso por parte do goberno municipal nas comisións, respecto de reparar o tema das beirarrúas, ou polo menos momentaneamente as de Andeiro, e reitera que é un compromiso que o goberno adquiriu onte nas comisións informativas, o seu

grupo vaise abster. Tamén sinala que se alegran moito de que dunha vez por todas se vaian facer os locais de ensaio para os grupos musicais de Cambre.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, di que pola súa parte lamentan que o concello non puidese lograr o obxectivo en canto aos investimentos programados nos orzamentos. Explica que se está demostrando que o concello está perdendo unha capacidade investidora importante e que teñen que facer auténticos malabares para poder lograr 500.000 euros para afrontar diversos investimentos. Remata dicindo que o seu voto vai ser a abstención, igual que na comisión.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, expón que simplemente quere manifestar a súa abstención.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, di que vai manter o voto da comisión, abstención.

Concedida a palabra a dona Marta María Vázquez Golpe di que lle gustaría facer unha aclaración, posto que se cualificou como recorte unha renuncia a solicitar un préstamo cuns xuros que lle ían supoñer ao Concello de Cambre 40.000 euros a maiores dos 529.000 euros ao ano.

Explica que o financiamento por ese préstamo estaba xa contemplado nos orzamentos, pero o que están facendo agora ao renunciar a esa operación de préstamo é reducir a débeda municipal, ademais é unha renuncia temporal, o cal non quere dicir que no ano 2013 non se poida solicitar ese préstamo para financiar outras operacións de investimento. Polo tanto, di que non lle parece adecuado cualificar de recorte o que está sendo un aforro para todos os veciños de Cambre.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno expón que non pensaba intervir máis, pero ante as manifestacións da Sra. concelleira vese obrigado a facelo. Explica que un recorte é en canto que xa se tiñan orzamentado unhas operacións de capital, uns investimentos e uns orzamentos exiguos por importe de 1.351.000, e se agora se recortan 238.000 euros, pois hai recorte.

Segue dicindo que o que el dixo é que o adecuado, se se quixera ter mantido as operacións de capital a executar no orzamento, era ter buscado fórmulas adicionais de financiamento con cargo a transferencias doutras administracións, cousa que non ocorreu, e, polo tanto, el o que demanda é que por parte do goberno municipal se esixa ás administracións, tanto autonómica como provincial, un maior compromiso co Concello de Cambre á hora de facer fronte a ese pequeno plan de investimentos que non era difícil de lograr.

Di que, evidentemente, el está de acordo coa Sra. concelleira en que non se trata de contratar un préstamo a calquera prezo, e sobre todo cuns xuros, que tanto el como ela coinciden en que son usurarios nestes tempos, dun oito por cento. Repite que o que está a dicir é que habería que esixirilles a outras administracións que se poñan as pilas e que apoien ao Concello de Cambre como se merece, en función da súa poboación e do goberno que actualmente o representa.

Concedida a palabra a dona Marta María Vázquez Golpe manifesta que simplemente quere apuntarlle que a maior parte dos investimentos que figuran no anexo de operacións de capital están financiados precisamente por subvencións.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e don Manuel Marante Gómez, concelleiro integrante do GM, e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, o concelleiro presente de EU, o concelleiro presente do BNG, e don José Antonio Baamonde López, concelleiro integrante do GM.

A Corporación, por oito votos a prol, acordou:

Primeiro: Visto que existen créditos incorporados como remanentes ao orzamento de 2012 financiados por operacións de endebedamento de anos anteriores, que corresponden a obras xa rematadas, e polo tanto son sobrantes non utilizables para as obras previstas, ou obras incluídas nalgún plan da Deputación complementario que non se chegou a executar como tal por non haber baixas suficientes nos plans principais, pero despois se incluíron noutros Plans principais, ou créditos financiados con préstamo de actuacións do Arume, que ao aumentar a porcentaxe de financiamento dos fondos FEDER do 70 ao 80 por cento ou non executarse a totalidade da actuación prevista, exceden das necesidades inicialmente orzadas.

Declarar a baixa, por desistirse da súa realización, dos seguintes créditos:

Proxecto de investimento		Importe
97-2-600000	Parcela sepes / I fase acondicionam. C/freande	4.792,77
02-2-511000	Ensanche, beirarrúas e serv. trav. Andeiro, parroquia S. Martín, CP-1708	3.087,55
08-2-432002	Expropiacións estrada cemiterio	18.508,65
09-2-511000	Renovación firme Cela-Canal e San Bartolome-Armental (POS complem)	42.000,00
10-2-155002	Acondic. de camiños municipais en Cecebre (POS Complem)	42.309,32
09-2-432018	ARUME Humanización do Temple	76.770,96
10-2-151001	ARUME Rexeneración Campo da Feira	37.500,00
	<b>Total</b>	<b>224.969,25</b>

e destinar o seu financiamento afectado por operacións de endebedamento a longo prazo, ás actuacións recollidas no anexo de operacións de capital non financeiras do orzamento municipal de 2012.

Segundo: Visto que existen actuacións do Arume que xa están rematadas, e para as que o financiamento que cubría o 30 por cento da achega municipal era mediante operacións de endebedamento, que ao aumentar a porcentaxe de financiamento do Arume do 70% ao 80%, e que supón un excedente de financiamento nas obras xa finalizadas seguintes e por cadanseu importe:

Proxecto de investimento		Importe
08-2-451001	Acondicionamento centro socio cultural do Graxal	15.044,30
09-2-432000	ARUME:Dinamización Lugar de Sobreguexe	27.440,51
09-2-432019	ARUME Senda peonil polo río Mero	5.400,00
09-2-452006	ARUME:sistema coxenerac. e cuberta piscina A Barcala	16.485,27
10-2-342000	ARUME Equipamentos deportivos: pista skate	16.728,83
	Total	<b>81.098,91</b>

Destinar o seu financiamento afectado por operacións de endebedamento a longo prazo asignadas inicialmente ás anteditas actuacións, ás recollidas no anexo de operacións de capital non financeiras do orzamento municipal de 2012.

Terceiro: Destinar as anteditas operacións de endebedamento por importe de 306.068,15 euros ao financiamento das seguintes actuacións do anexo de operacións de capital non financeiras do orzamento municipal de 2012:

CÓDIGO	PROXECTO	Importe
12-2-132000	Equipamento seguridade e orde público	2.000,00
12-2-134000	Equipamento protección civil	5.000,00
12-2-151000	Investimentos imprevistos en infraestruturas	60.000,00
12-2-155000	Equipamento e mobiliario urbano	18.000,00
12-2-161000	Renov. redes servizos e pavimentación en Penouviña e Fontenla (POS Complem. 2012)	20.000,00
12-2-161001	Outros investimentos en saneamento e abastecemento	50.000,00
12-2-165000	Investimentos eficiencia enerxética e imprevistas na rede de iluminación pública	28.068,15
12-2-171000	Obras acondicionamento de parques e xardíns	20.000,00
12-2-232000	Obras acondicionamento local ensaio municipal	25.000,00
12-2-320000	Investimentos imprevistos edificios educación	14.000,00
12-2-332000	Libros biblioteca	9.000,00
12-2-342000	Investimentos imprevistos en instalacións deportivas	15.000,00
12-2-920000	Outros investimentos en edificios xerais	25.000,00
12-2-920002	Equipos informáticos	15.000,00
	Total	<b>306.068,15</b>

#### **4º Moción sobre modificación do Regulamento orgánico municipal presentada polos grupos municipais do PSdeG-PSOE, UxC, EU, BNG e o concelleiro de PdeC**

Visto o escrito presentado polos grupos municipais do PSdeG-PSOE, UxC, EU, BNG e polo concelleiro de PdeC, rexistrado de entrada ao núm. 13888 o día 4 de outubro de 2012.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 24 de outubro de 2012.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, dá lectura á moción presentada segundo o seguinte teor literal, sen que se dea lectura ao articulado do Regulamento orgánico municipal que se propón modificar:

“O artigo 137 da Constitución Española, e os artigos 1 da LRBRL establecen a autonomía das entidades locais. O art. 2 da LRBRL establece no seu apartado 2.1 que para a efectividade da autonomía garantida constitucionalmente ás entidades locais, a lexislación do Estado e a das comunidades autónomas, reguladora dos distintos sectores de acción pública, segundo a distribución constitucional de competencias, deberá asegurar aos municipios, ás provincias e ás illas o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolles as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da entidade local, de conformidade cos principios de descentralización e de máxima proximidade da xestión administrativa aos cidadáns.

No artigo 4 do mesmo texto legal, atribúese aos municipios na súa calidade de administración pública de carácter territorial, e dentro da esfera das súas competencias ‘a) As potestades regulamentarias e de autoorganización’. E no mesmo senso pronúnciase o artigo 6 da Lei de administración local de Galicia.

No exercicio destas potestades a creación e polo tanto tamén a modificación por un municipio do seu regulamento orgánico constitúe unha das principais manifestacións da súa autonomía local garantida constitucionalmente.

O noso concello conta dende hai anos cun regulamento orgánico, e aínda que este xa foi obxecto de diversas modificacións, faise preciso neste momento proceder a unha nova modificación cun triple obxectivo:

En primeiro lugar, o de actualizar o seu contido para favorecer a utilización das ferramentas que as novas tecnoloxías poñen á nosa disposición para mellorar a comunicación e o fluxo de información, e tamén para adaptalo a algunhas modificacións lexislativas.

En segundo lugar, co obxectivo de fomentar a máis ampla participación dos grupos políticos presentes no Pleno da Corporación, e polo tanto mellorar a súa representatividade. O regulamento actual presenta certas ambigüidades, ambigüidades que veñen sendo aproveitadas polo sr. alcalde para, interpretando amplamente as súas competencias e restritivamente as dos grupos municipais, tratar de conducir o labor de oposición e as súas iniciativas, descoñecendo o carácter político e representativo do Pleno e o dereito ao exercicio do cargo público de todos os concelleiros desta Corporación.



E en terceiro lugar, co obxectivo de fomentar a cooperación entre as diversas forzas políticas na Corporación, refórzase o papel da xunta de voceiros.

Por todo o anteriormente exposto os grupos asinantes presentan ante o Pleno a seguinte proposta de acordo:

Por en marcha o procedemento de modificación regulamentaria do Regulamento orgánico municipal, para o que se achega proposta de nova redacción dos artigos que se propón modificar.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, explica que xa nas comisións informativas votaron a prol se o que se propón é iniciar os trámites, cousa na que están de acordo todos os grupos, e por suposto o goberno municipal, xa que é un tema que tiñan pendente dende o inicio da lexislatura. Polo tanto, di que sobre a base das propostas que se fan na moción, comezarán a traballar, de feito cónstalle que a secretaria da Corporación xa o está a facer, para á maior brevidade posible poder celebrar unha reunión e poñerse de acordo sobre as modificacións.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, o concelleiro presente de EU, o concelleiro presente do BNG e os dous concelleiros integrantes do GM.

A Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Poñer en marcha o procedemento de modificación regulamentaria do Regulamento orgánico municipal.

#### **5º Mocións ou propostas urxentes**

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da proposta presentada pola Alcaldía municipal. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, o concelleiro presente de EU, o concelleiro presente do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da proposta presentada.

#### **Proposta de modificación do acordo adoptado polo Pleno da Corporación referente ao Plan DTC94 da Deputación Provincial da Coruña**

Vista a proposta da Alcaldía de data 25 de outubro de 2012.

Toma a palabra o Sr. alcalde para explicar que se trata de modificar o acordo adoptado no pleno de data 27 de setembro de 2012. Lembra que dentro do plan “Unha Deputación para todos os concellos”, que foi publicado no BOP n.º 145, no mes de agosto de 2012, o Concello de Cambre presentou unha serie de actuacións para darlle destino a unha subvención da Deputación de 293.879,79 euros. Concretamente presentaron dous proxectos, un foi a implantación dun sistema de apagado selectivo de puntos de luz en zonas non urbanas do concello, e outro foi a adecuación do local que teñen cedido por acordo plenario á Cruz Vermella.

Explica que no día de onte a Deputación comunicou que a remodelación do local que teñen cedido á Cruz Vermella vaise facer a través doutra subvención, e, tendo en conta que non caben dúas subvencións para a mesma obra, a proposta que se trae ao Pleno é a modificación do acordo adoptado, de modo que se traspasen os 60.000 euros inicialmente previstos para a obra, á partida de gasto corrente municipal, co fin de presentar mañá o novo acordo na Deputación.

Conclúe dicindo que, en resumo, dentro do financiamento do gasto corrente do concello da anualidade do 2012, a Deputación subvencionaría 257.890,52 euros e o concello achegaría 42.367,48 euros, polo tanto o orzamento total das obras e subministracións sería de 35.989,97 euros e o gasto corrente de 300.257,01 euros.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e don Manuel Marante Gómez, concelleiro integrante do GM, e abstéñense os cinco concelleiros do PSdG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, o concelleiro presente de EU, o concelleiro presente do BNG e don José Antonio Baamonde López, concelleiro integrante do GM.

A Corporación, por oito votos a prol, acordou:

Primeiro: Modificar o acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria do día 27 de setembro de 2012, eliminando a actuación denominada “Acondicionamento de local na Barcala para creación de sede de Cruz Vermella Española”, e destinando o importe do orzamento previsto a financiamento do gasto corrente do concello da anualidade 2012.

Segundo: De conformidade co apartado anterior, participar no Plan “DTC 94: unha deputación para todos os concellos” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada a seguinte finalidade:

A) Obras e subministracións:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
Implantación sistema apagado selectivo de puntos de luz en entornos non urbanos do concello	35.989,27		35.989,27
TOTAL	35.989,27		35.989,27

D) Financiamento do gasto corrente do concello da anualidade 2012:

Concello	Cantidade asignada neste plan que se aplica ao financiamento dos gastos correntes 2012	Achega POS 2012 de gasto corrente	Outras achegas
42.366,49	257.890,52		

E) Resumo

	Deputación	Concello	Outras achegas	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS	35.989,27			35.989,27
SUBTOTAL HONORARIOS REDACCIÓN PROXECTOS				
SUBTOTAL ACHEGAS A OUTROS PLANS PROGRAMAS OU CONVENIOS				
SUBTOTAL GASTOS				
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	257.890,52	42.366,49		300.257,01
TOTAL	293.879,79	42.366,49		336.246,28

Terceiro: Para o financiamento do importe da achega municipal, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento.

Cuarto: Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou do gasto corrente para o que se solicita a achega provincial, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achegarase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Quinto: Autorízase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**6º Comparecencia do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo en cumprimento do acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria de 27 de setembro de 2012**

Toma a palabra o Sr. alcalde para explicar que hai dúas peticións de comparecencia, unha de EU que presenta 24 preguntas, e outra do PSdeG-PSOE e UxC, que presentan 32 preguntas. Tal e como acordaron na xunta de voceiros, leranse as preguntas todas xuntas, e despois o Sr. concelleiro de Cultura as responderá tamén todas xuntas. Tras isto terán cinco minutos por grupo para a réplica, e pechará a comparecencia o concelleiro de Cultura.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, di que cre recordar que segundo o Regulamento orgánico municipal os cinco minutos son por cada pregunta, para réplica, polo tanto ten que establecerse un tempo máis amplo, tendo en conta que pola súa parte, por exemplo, presentáronse 32 preguntas.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que el cre que o acordo que tomaron na xunta de voceiros foi ler as preguntas todas seguidas, o Sr. concelleiro as respondería todas xuntas, e despois habería unha réplica de cinco minutos por cada grupo municipal.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno di que non, que non se falou de cinco minutos para cada grupo. Expón que segundo o regulamento son cinco minutos por pregunta, o que non está dicindo é que se vaian utilizar para cada unha delas eses cinco minutos, pero que si que ten que haber unha formulación máis ampla en canto ao tempo de réplica, porque, evidentemente, o concelleiro de Cultura vai ter máis de cinco minutos para poder responder ás preguntas, co cal o adecuado é que eles tamén teñan, non un tempo similar, pero si un tempo suficiente para poder replicar, non fala de media hora pero tampouco de cinco minutos.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que o poñen nunha tesitura complicada, xa que se tiña chegado ao acordo de ler todas as preguntas seguidas, e dar unha resposta a todas elas tamén seguida, non entende como agora cambian as regras de xogo e piden cinco minutos por cada pregunta.

Don Augusto Rey Moreno incide en que non están falando de cinco minutos por cada pregunta, pero o Sr. alcalde está a dicir que serán cinco minutos de réplica para replicar a todas as respostas do concelleiro de Cultura, e iso é co que non están de acordo.

O Sr. alcalde sinala que son cinco minutos por cada grupo municipal.

Don Augusto Rey Moreno di que iso non é suficiente, e que iso non se falou na xunta de voceiros. Ademais, reitera que non está a dicir que teñan que ser trinta e dous preguntas por cinco minutos cada unha.

O Sr. alcalde manifesta que o Sr. voceiro podería acollerse a eses cinco minutos por pregunta.

Don Augusto Rey Moreno responde que non, que o que está a dicir é que se fale dun tempo prudencial para poder contestar adecuadamente á intervención que faga o concelleiro, e volve dicir que cinco minutos de réplica lle parece un tempo excesivamente curto, aínda que non sabe o que din o resto de grupos.

O Sr. alcalde sinala que se o concelleiro de Cultura ten a ben contestarlles pregunta por pregunta ou darlles unha réplica maior, pola súa parte el non ten inconveniente.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, expón que, efectivamente, na xunta de voceiros os grupos da oposición foron transixentes, e quedaron en facer as preguntas todas xuntas e que logo se contestaran, pero que non se falou nada de cinco minutos para cada grupo para respostas.

Explica que o seu grupo ten 24 preguntas, e se as fan unha a unha, e o concelleiro responde a cada pregunta, pídelle ao Sr. alcalde que se imaxine cantos minutos van pasar nada máis que contestando pregunta por pregunta. Por iso, e como eles foron transixentes, pide que tamén o sexa o Sr. alcalde, porque é como dixo o seu compañeiro don Augusto Rey Moreno, non van acaparar os cinco minutos por pregunta, ao mellor incluso lles sobran uns minutos, pero que sexa transixente, e se son sete, pois son sete, e se son dez, son dez.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que el non ten inconveniente ningún, e que se o concelleiro de Cultura lles quere responder desa forma, pode facelo, pero que o que el dixo ao principio foi a súa interpretación do que se falou.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que entón pensarían noutra cousa, incluso en facer pregunta por pregunta.

O Sr. alcalde intervén para sinalar que o concelleiro de Cultura dixo que aceptaba ampliar o tempo de réplica, así que pide que se dea lectura aos escritos presentados.

A continuación, dáse lectura ao escrito do grupo municipal de EU, rexistrado de entrada ao núm. 12571 o día 17 de setembro de 2012, que consta do seguinte teor literal:

“Luis Miguel Taibo Casás, voceiro do grupo municipal de Esquerda Unida, co fin de exercitar a función de control e fiscalización dos órganos de goberno, e en virtude do que lle confiren as atribucións da lexislación vixente en materia de réxime local,

segundo o contemplado nos artigos 122.1.d) e 126 do Regulamento orgánico municipal, relativos á comparecencia dos concelleiros que ostenten delegacións de áreas e goberno.

Solicito a comparecencia diante do próximo Pleno municipal ordinario do vindeiro día 27 de setembro, do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo, don Santiago Ríos Rama, para que responda ás cuestións relacionadas co seguinte asunto:

Explicación como responsable da área mencionada, no referente ao balance do festival Rock in Cambre, e das festas de Santa María celebrados ambos eventos no pasado mes de agosto.

O obxecto principal da solicitude desta comparecencia, é o de cumprir coa obrigaón que temos cos veciños de Cambre para facilitar unha maior transparencia na xestión do diñeiro público, tratando que non se vulnere a legalidade por parte do Goberno en relación coa información sobre os dereitos dos membros da oposición na Corporación municipal.

Considera o noso grupo que en relación co asunto que tratamos, non existiu a comunicación e información que un goberno municipal deba ter co conxunto da Corporación, ignorando tamén as normas máis elementais de cortesía que deben existir entre goberno e oposición na administración municipal.

Son reiterados e inxustificadas os actos do actual equipo de goberno nas súas relacións co resto da Corporación; sistematicamente aplícase con rigor o establecido no ROM e outras normas naqueles aspectos restritivos de dereitos dos membros da oposición e pola contra ignóranse en moitas ocasións as prerrogativas que este e outras leis lles outorgan en orde ás súas funcións democráticas e constitucionais.

Como consecuencia do anterior, o grupo municipal de EU, formula as seguintes consideracións:

Primeira: Como vén sendo habitual, no noso concello vén celebrándose nos últimos vinte anos o Festival Rock in Cambre e tamén como é tradicional teñen lugar as festas patronais de Santa María na parroquia de Cambre no mes de agosto.

Segunda: As festas populares son unha manifestación cultural tradicional de carácter lúdico que nos tempos actuais precisan dunha necesaria regulación das actividades e espectáculos públicos suxeitos cada vez máis a pautas de conduta sociais impostas polas demandas de seguridade, orde pública e protección medioambiental, precisando dun réxime tal que as harmonice con estes principios, en especial nos casos en que constitúen fenómenos de masas.

Terceira: Esta harmonización debe facerse encontrando o punto en que sexan coincidentes a viabilidade dos festexos e o entretemento que naturalmente comportan,

tendo en conta a protección dos dereitos individuais, colectivos e os valores que lles son inherentes.

Cuarta: Este labor non é en absoluto sinxelo, pois dun lado, as festas non poden en modo ningún constituír unha sorte de ilegalidade consentida que poña en tea de xuízo a bondade do sistema e, doutro lado, as esixencias formais a que deben suxeitarse han de ser o suficientemente áxiles e flexibles como para, sen detrimento dos requisitos mínimos necesarios, permitir o desenvolvemento dos festexos na súa lóxica manifestación de espontánea expansión.

En consecuencia, o grupo municipal de EU formula as seguintes PREGUNTAS:

- 1- Pode informarnos do estado de gastos e ingresos resultantes da celebración do festival Brincadeira Rock in Cambre do pasado mes de agosto?
- 2- Cantas entradas e abonos se venderon, sen contar acreditacións e invitacións?
- 3- Pode informarnos da firma de convenios de colaboración con outras administracións, e se percibiron subvencións dalgunha administración pública (Xunta de Galicia e Deputación Provincial)?
- 4- Dispón a Concellería de Cultura dalgún informe técnico relativo á seguridade das instalacións onde tivo lugar o festival, e das infraestruturas habilitadas para o dito evento?
- 5- A cargo de quen foron os gastos de acondicionamento das instalacións da acampada, do recinto, así como do acondicionamento e limpeza dos accesos?
- 6- Cal foi o importe do gasto extra en honorarios do persoal do concello, polos traballos realizados nos catro días de festival?
- 7- Considera o señor concelleiro que o lugar onde se celebrou o evento é o máis adecuado dentro do termo municipal de Cambre?
- 8- Considera o señor concelleiro que no momento de crise que estamos pasando, resulta suficiente a redución do 10% no orzamento das festas de Santa María, en relación co ano anterior?
- 9- Pensan publicar na páxina web do concello os gastos totais dos eventos en cuestión?
- 10- Cal é a valoración que realiza a súa concellería sobre a celebración deste evento?

11- Pensa o concelleiro responsable propoñer aos grupos da oposición, e ao movemento asociativo do concello a planificación sobre a celebración dos eventos en cuestión, creando mecanismos de consulta e participación axeitados?

12- Cal é a valoración que realiza o concelleiro sobre a celebración do festival e das propias festas?

13- Que gastos e ingresos resultaron das últimas festas de agosto e o seu desglose?

14- Pode informarnos do número de persoas que contaban con credencial de identificación para acceder ao recinto, o control delas e con base en que criterios se realizou esta selección?

15- Non considerou o concelleiro a posibilidade de manter unha xuntanza e consulta cos grupos da oposición para transmitir unha maior información, tendo en conta a magnitude do evento e o investimento económico destinado para tal fin?

16- Considera que a mellor opción sobre a data de celebración do Rock in Cambre fora o domingo?

17- Pensa repetir a experiencia do festival en próximos anos?

18- Pode informarnos das denuncias presentadas no concello relacionadas coa celebración do festival?

19- Que problemas existiron para cancelar actuacións previstas no festival?

20- Considera o señor concelleiro que nunha situación económica como a actual, está xustifico un orzamento que pode superar os 350.000 euros para o festival e festas de Santa María?

21- Que opinión lle merece e cal foi o motivo da demora na limpeza das instalacións e as súas inmediacións?

22- Cantas persoas de Cambre foron contratadas para servizos e traballos auxiliares?

23- Cales foron as previsións para asegurar as actuacións no Campo da Feira, tendo en conta que foi suspendido o concerto de The Real Mckenziez?

24- Segundo o convenio firmado polo Concello de Cambre coas entidades organizadoras o concello recuperará a cantidade investida (240.000 euros) no momento que os ingresos acadados sexan 526.550 euros. A día de hoxe tense feito algún dos pagos que se estipulan no convenio? A saber, un primeiro pago de 70.000€, un segundo de 100.000€ e un terceiro de 70.000€. Cantos destes pagos ten percibidos o concello?"



Seguidamente por don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, dáse lectura á primeira parte do escrito presentado polos grupos municipais do PSdeG-PSOE e UxC, rexistrado de entrada ao núm. 12571 o día 21 de setembro de 2012, que consta do seguinte teor literal:

“Augusto Rey Moreno, voceiro do grupo municipal dos Socialistas de Cambre e Óscar García Patiño, voceiro do grupo municipal de Unión por Cambre, comparecen e din:

Que a medio do presente escrito, e a teor do establecido no art. 126 do Regulamento orgánico municipal, veñen a instar a comparecencia do concelleiro delegado de Cultura para que, logo da súa aprobación en pleno, conteste ás preguntas que se lle formularán, e que máis abaixo se relacionan, sobre o evento Festival Brincadeira, e iso no pleno ordinario correspondente ao mes de outubro do presente ano.

- 1- Cal foi a achega económica do concello para a celebración do festival?
- 2- Que retorno se conseguiu con ese investimento?
- 3- A canto ascenderon os ingresos totais da organización?
- 4- Dado que o goberno local defende o papel do Brincadeira como elemento de dinamización económica en determinados comercios do concello, principalmente supermercados e locais de hostelería, por que non se lles pediu a estes negocios unha colaboración económica mediante patrocinio do festival para que houbera que achegar menos fondos públicos e minimizar as posibles perdas?
- 5- Cal foi o criterio para elixir a localización da zona dos concertos do festival?
- 6- Valoráronse outras localizacións? Cales? Por que se descartaron?
- 7- Por que non se informou coa debida antelación aos veciños da zona da organización do festival?
- 8- Realizouse algún estudo do impacto acústico que suporía o festival nas inmediacións do recinto?
- 9- Cal era o horario autorizado para as actividades musicais?
- 10- Por que se lles permitiu aos organizadores incumprir o dito horario?
- 11- Ante as queixas veciñais manifestadas ante o concello e en numerosas chamadas á policía local dende o primeiro día polo intenso ruído xerado, incompatible co dereito ao descanso dos veciños, que medidas tomou o goberno local?

12- Por que o alcalde promete trala finalización do festival tomar medidas para evitar molestias en próximos eventos e non se toman durante a súa celebración?

13- Por que se permitiu elevar o volume a partir da segunda noite?

14- Cantas queixas veciñais recibiu o goberno local pola celebración do festival dende que este comezara?

15- Tomáronse todas as medidas de seguridade necesarias no contorno do festival?

16- Que datos manexa o seu goberno para afirmar, como fixo o alcalde nos medios de comunicación, que os feitos denunciados por veciños de dúas casas que se intentaron asaltar durante a celebración do festival, e nas inmediacións deste, non teñen nada que ver co Brincadeira?

17- Por que o goberno local só tomou a decisión de duplicar as patrullas polas rúas máis próximas tralas dúas denuncias presentadas ante a garda civil e non actuou de forma preventiva?

18- Cantas detencións se practicaron na parroquia de Cambre nos días da celebración do festival? Por que motivos?

19- A canto ascende o gasto asumido polo goberno local para axeitar os terreos de particulares cedidos para o seu uso como zona de acampada?

20- Que volume de lixo houbo que recoller da zona?

21- Canto se demorou o goberno local en devolver a zona de acampada ao estado anterior ao festival?

22- Dado o rexeitamento veciñal e o buraco económico xerado ao concello, valora o goberno local organizar unha nova edición do Brincadeira? Con que xustificación?

23- Repetirán a localización? Que medidas tomarán para non perturbar o descanso dos veciños?"

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, di que lle gustaría ler o resto das preguntas posto que foi o grupo de UxC quen as fixo, aínda que sexa a mesma moción.

Segue dicindo que a solicitude de comparecencia debeuse a que eles cren que a comparecencia debería ter sido de forma voluntaria por parte do goberno, debería ter sido o goberno quen lles dixese que ían comparecer para explicar á oposición e aos

veciños de Cambre o resultado do Brincadeira. Non foi así e, polo tanto, víronse obrigados a pedir a comparecencia do concelleiro de Cultura.

Por outra parte, agradécelle ao concelleiro de Cultura que lles dea máis tempo para a réplica porque, como ben saben todos, esta vez non presentaron nin rogos, nin preguntas, nin mocións, precisamente dada a importancia deste pleno respecto do Brincadeira.

Toma a palabra o Sr. alcalde para aclarar unha cousa. Di que parece que queda constancia, sobre todo entre o público, que a oposición pediu a comparecencia porque o goberno non quería comparecer, e di que iso non é certo.

Don Óscar Alfonso García Patiño di que el non dixo que o goberno non quixese comparecer.

O Sr. alcalde pídelle que entón o aclare.

Don Óscar Alfonso García Patiño explica que o que el dixo foi que debería ter sido o propio goberno quen dixera que ía comparecer, e repite que non dixo que non quixeran comparecer.

O Sr. alcalde manifesta que saben perfectamente, porque ademais el o dixo publicamente, que o festival Brincadeira tiña que liquidar as súas contas antes do 30 de setembro, iso díxollo a todos os voceiros, e tamén lles dixo que a partir desa data se podían reunir cando quixesen. O que pasou é que a petición de comparecencia foi presentada o día 17 de setembro, sen ter rematado nin pechado as contas, por iso el quere deixar ese tema claro, porque el non ten ningún inconveniente en comparecer, pero a oposición adiantouse, cando iso estaba, ademais, recollido no propio convenio do que todos tiñan copia. A súa intención nunca foi ocultar absolutamente nada, di que foi sempre comparecer, pero volve dicir que o que pasou foi que eles se adiantaron á fecha límite que tiñan para comparecer.

Conclúe dicindo que o quere deixar claro, porque igual os demais se pensan que o goberno tiña algo escondido para non comparecer, sendo iso algo lonxe da realidade.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño reitera que el non dixo que o goberno non quixera comparecer, e pídelle ao Sr. alcalde que non se poña á defensiva. Explica que sinxelamente dixo que o propio goberno tiña que ter tomado a iniciativa, e que cando a eles lles comunican que as contas estarían o 30 de setembro, xa tiñan presentado a solicitude. Se lles tiveran dito antes que ían comparecer no pleno do mes de outubro ou novembro para explicalas, non terían solicitado a comparecencia. Di que non é nada máis, e repite que non está a dicir que non o queiran facer, pero se o goberno tivera marcado unha data, eles non se verían obrigados a pedir a comparecencia.

A continuación dá lectura ao resto de preguntas presentadas na comparecencia, que constan do seguinte teor literal:

“24- Que valoración fixeron os grupos musicais de Cambre que actuaron no festival?

25- Que sistema se empleou para fiscalizar as entradas e consumicións no festival?

26- Cal foi o custo do servizo de limpeza?

27- Cal foi o custo das horas extras da policía local?

28- Cal foi o custo das horas extras do servizo de emerxencias?

29- O custo destes tres servizos importáronse aos gastos do festival?

30- Cantas persoas contratou a empresa organizadora a través do servizo municipal de emprego?

31- Cantas entradas anticipadas se venderon?

32- Cantas entradas se venderon no despacho de billetes?”

Concedida a palabra a don Santiago Manuel Ríos Rama, concelleiro de Cultura e Turismo, di que antes de comezar a responder de forma clara e concisa ás preguntas formuladas, quere deixar claro que está orgulloso de asumir a responsabilidade de organizar o maior evento cultural da historia deste concello, e quere agradecer a todos os traballadores do concello a súa dedicación e esforzo para facer posible que o festival puidera organizarse e atraer a tanta xente ao municipio. Tamén quere destacar o esforzo económico das empresas promotoras que asumiron un risco altísimo na súa aposta por achegar este evento a Cambre.

Dito isto, e entrando xa a contestar as preguntas presentadas, en primeiro lugar as de EU, en resposta á primeira pregunta de EU di que o orzamento total do evento foi de 756.298,60 euros. O Concello de Cambre realizou unha achega de 240.000 euros. O festival ingresou en concepto de barra e entradas 309.432,54 euros e, baseándose no convenio de colaboración entre as empresas produtoras e o concello, no que se estipulan as condicións para o retorno das achegas realizadas, concretamente na cláusula segunda do cuarto punto, manifesta con orgullo que o Concello de Cambre recuperará a cifra de 169.432,54 euros. Explica que iso significa que a realización do Rock in Cambre-Brincadeira Festival, supúxolle ao Concello de Cambre unha achega de 70.567,56 euros, o que se traduce nunha achega case idéntica con respecto ao custo do Rock in Cambre do ano 2011, que lles custou 70.000 euros. Esas cifras confirman que foi un completo éxito para o concello realizar o Rock in Cambre-Brincadeira Festival.

Contestando á segunda pregunta, di que sen contar acreditacións e invitacións, vendéronse exactamente 7.949 entradas, das cales, anticipadas foron 7.143, destas, 4.035 a 25 euros, 1.007 a 35 euros, 2.101 a 15 euros. En despacho de billetes foron 806 entradas que corresponden ao xoves 31 a 20 euros, ao venres 287 a 30 euros, ao sábado 425 a 30 euros, e 63 abonos a 50 euros.

Respecto da pregunta número tres explica que o concello non pediu ningunha subvención pública a ningunha administración, aínda que si as solicitaron as empresas produtoras do evento, e se lle concederon dende a AGADIC, que é a Axencia Galega das Industrias Culturais, por un importe de 25.615 euros, e están á espera de que se estime outra que provén da Deputación.

Lébralles que no convenio que todos teñen se establece que as axudas das administracións públicas que logren as empresas produtoras serán parte da súa achega, tal e como se establece no punto n.º 1 do dito acordo.

Sobre a pregunta catro di que por suposto que o concello tiña un plan de seguridade. Explica que o concello dispuxo de dous plans de seguridade ou de autoprotección. Un deles foi elaborado polo servizo municipal de emerxencias e protección civil, e remitiuse no seu momento á Consellería de Presidencia, e o outro elaborado pola empresa de seguridade contratada pola produción do evento, que tamén se remitiu á mesma consellería.

Respecto da pregunta cinco, di que os gastos de acondicionamento das instalacións da acampada, recinto do concerto e accesos, correron a cargo das empresas promotoras, e supuxeron un desembolso de 21.240 euros.

Respondendo á pregunta número seis, di que houbo un importante reforzo de seguridade de policía local e protección civil, ao que se viu obrigado o concello para tratar de velar pola seguridade, tanto nos arredores do recinto como en todo o concello. Para iso contouse con máis dunha trintena de profesionais de seguridade do concello, que realizaron un total de 772 horas extra, 94 delas de persoal de protección civil e 678 da policía local. Os gastos provocados por esas horas extras ascenderon a un total de 17.308 euros. Di que ao mellor a súa concellaría pecou, en todo caso, de exceso e de ser demasiado precavidos, pero que non están arrepentidos en absoluto de facelo.

Respecto da pregunta número sete pensan que si, que o lugar era o máis axeitado. Explica que levaron a cabo un traballo de procura dunha localización que puidese albergar a miles de persoas, e que non estivera demasiado lonxe do centro urbano. Despois de considerar varias localizacións, pareceulles esa a máis adecuada, pola necesidade de crear viarios de seguridade e de evacuación obrigatorios nas inmediacións do centro de saúde. Di que en Cambre non teñen terreos públicos desas dimensións, polo tanto, non quedou outra alternativa que optar por pedirlos aos

particulares. Ademais, consideraron que a proximidade ao centro neurálxico de Cambre ía favorecer aos empresarios e comerciantes do concello.

Sobre a pregunta oito di que posiblemente, e dada a conxuntura económica actual, a redución no orzamento foi oportuna, agora ben, é posible que nos próximos orzamentos valoren a posibilidade de reducir un pouco máis esa partida, aínda que espera contar coa opinión de todos os partidos para facelo.

Respecto da pregunta nove di que os gastos totais do evento e das festas xa se especifican nos orzamentos municipais, e que o goberno municipal xa os fixo públicos en varias roldas de prensa e notas enviadas aos medios que foron publicadas no seu día.

Contestando á pregunta dez di que a valoración que fai a Concellería de Cultura é clara, foi un rotundo éxito, e dilles o por que. En primeiro lugar, Cambre albergou por primeira vez na historia un macro festival de música que trouxo a miles de persoas ao concello, actuaron en catro días máis de oitenta grupos de música no que xa se converteu nun referente cultural da época estival.

En segundo lugar, os beneficios económicos que supuxeron para os comerciantes, empresarios, e sobre todo hosteleiros de todo o concello non se poden cuantificar. Explica que durante catro días, as terrazas, bares, estancos, librerías, panaderías e demais negocios traballaron a un ritmo frenético, que lles axudou en parte a aliviar as súas maltreitas economías.

En terceiro lugar, as empresas promotoras do evento contrataron a desempregados de Cambre, e os hosteleiros tamén aumentaron os seus equipos de xeito puntual para facer fronte a gran cantidade de persoas que chegaron a Cambre.

En cuarto lugar di que investiron uns cartos dos que recuperaron a maior parte, pero investiron nunha marca que no futuro seguirá sendo moi beneficiosa para Cambre, non só dende o punto de vista económico, senón tamén cultural. De feito, di que o nome do concello traspasou as fronteiras da autonomía e do estado, e segundo a AGADIC, o festival converteuse no máis exitoso de Galicia, o cal failles pensar que nun futuro o beneficio para os veciños de Cambre será aínda maior.

Explica que xa crearon unha marca, e ata pide que lle permitan dicirlles que deron a coñecer a mellor das súas riquezas, o turismo encarnado no río Mero, o paseo fluvial e o patrimonio arquitectónico que teñen en Cambre.

Segue a dicir que, non obstante, nun principio o seu obxectivo como xa saben, era o de recuperar o cen por cen do capital achegado, pero debido á situación económica actual, o consumo foi menor do esperado, e pese a iso, están moi satisfeitos, posto que co mesmo custo do pasado 2011, logrouse levar a cabo un evento de catro días, referente en Galicia e que favoreceu a economía dos veciños de Cambre. Ademais, realizouse cun

orçamento superior aos 700.000 euros, un gran investimento na industria cultural galega, e, en consecuencia, en numerosas empresas de diferentes sectores que participaron activamente para a celebración do evento, xerándose un volume de emprego destacable. Di que as produtoras do festival e o goberno local insistiron niso, e finalmente así foi, todas e cada unha das empresas contratadas para a realización do festival son galegas ou teñen sede nesta comunidade.

Por outra parte, di que se realizou unha promoción da imaxe de Cambre incalculable, impulsando o turismo con destino ao concello, e dando a coñecer a localidade máis aló das úas fronteiras. A páxina web oficial do festival tivo visitas dende 77 países diferentes, con representación nos cinco continentes do mundo. Foi a maior programación musical nunca antes realizada en Galicia, dando cabida tanto a grupos da comarca como a multitude de artistas da comunidade autónoma, nacionais e internacionais, para os que se converteu nun privilexio poder actuar no dito festival.

Respecto da pregunta once, di que si que pensan contar coa oposición, e que, dende logo, cren que se pode mellorar moito a organización do próximo festival e das festas patronais, e por iso é necesario contar coas opinións veciñais e, por suposto, coas dos grupos da oposición.

A pregunta doce é de novo sobre a valoración, e xa lles comentou a súa opinión sobre a valoración do festival, e sobre as festas dilles que foron o máis adecuadas posibles tendo en conta o orzamento que tiñan.

A resposta á pregunta trece é o orzamento das festas. Di que o orzamento das festas era de 82.000 euros, e que non se moveron de aí, polo que eses foron os gastos. Os ingresos foron un total de 17.721 euros, en concreto de copatrocinios obtivéronse un total de 8.197 euros, da venda de camisetas 2.500 euros, do churrasco 5.224 euros e do bochinche 1.800 euros.

Respondendo á pregunta catorce di que houbo máis de cincocentos artistas acreditados, cento setenta xornalistas e duascentas persoas de staff, técnicos, catering, seguridade, camareiros, traballadores, etc., e douscentos pases VIP, en total, máis de mil acreditacións.

Respecto da pregunta quince di que a súa concellería deu moita información sobre o evento a través dos canais habituais de comunicación, aínda que si é certo que tería sido beneficioso unha reunión previa, punto que el mesmo recoñece. Di que, a pesar de todo, si ten que agradecer a axuda prestada e a colaboración dun grupo en particular, UxC, que os días previos á organización do festival, axudou a conseguir máis terreos para aumentar a oferta de aparcadoiro, e non só iso, senón que se brindou a prestar a axuda que fose necesaria para calquera outra demanda.

Contestando á pregunta número dezaseis di que a celebración dos concertos do Rock in Cambre en domingo arroxaron datos positivos pola propia razón do público, non obstante, este ano, como noutros aspectos, poden mellorar moito para que esa cita reciba aínda a máis visitantes, é algo que ten moi claro, que haberá que estudar a data para futuras edicións, polo tanto, aínda que a súa valoración foi positiva, cre que deberían ser máis ambiciosos e tratar de que ese concerto siga sendo un referente na comarca.

Respondendo á pregunta dezasete di que, efectivamente, pénsase repetir o evento, e insistindo nos puntos sinalados anteriormente, di que os veciños de Cambre deben estar orgullosos de contar con ese gran evento. Lonxe de cortar a súa continuidade, consideran que todas as forzas políticas que forman a Corporación, deberían amosar un total consenso ao respecto. Di que agardan que o Festival Rock in Cambre-Brincadeira se realice no concello por moitos anos, e traballarán para que así sexa, non obstante, quere lembrar que é a primeira vez que Cambre alberga un evento desas dimensións e que, polo tanto, observaron varios aspectos que cren que poden mellorar, e para iso contarán coas opinións de veciños e dos grupos da Corporación.

Contestando á pregunta dezaoitto di que a resposta é que si, que o alcalde recibiu varias queixas debidas ao evento, na súa maior parte polo ruído e pola limpeza, asinadas por varios veciños e que foron contestadas persoalmente por carta a cada un dos asinantes.

En canto á pregunta dezanove di que se cancelaron as actuacións de Manolo Cabezabolo, ingresado nun hospital na véspera, Segismundo Toxicómano, polo mesmo motivo, e The Greed por disputas internas que deron por finalizadas a súa carreira indefinidamente.

Sobre a pregunta vinte di que o balance económico non é o que EU afirma na súa pregunta, e di que se explica, que o balance das festas, tal e como explicou con anterioridade, resultou en 64.279 euros, e o festival en 70.567,46 euros, polo que o total son 134.846,46 euros, se a iso lle suman os 17.308 euros das horas extras, supón un total de 152.154,46 euros, menos da metade do que EU afirma. Continúa dicindo que por suposto que está xustifico, e que xa lles explicou antes por que.

Contestando á pregunta vinte e un di que a limpeza non se demorou en ningún momento, de feito os labores de limpeza tralo festival comezaron o luns 13 de agosto, e prolongáronse ata a limpeza total, tanto da zona de acampada como do recinto do festival e arredores, aínda que é certo que houbo unha excepción, porque os días 15 e 16 foron festivos e a limpeza interrompeuse debido ás xornadas festivas.

Segue explicando que, ademais, houbo veciños que demandaron a limpeza particular do seu terreo, que se viu ensuciado cando non estaba prevista a súa limpeza, pero di que o concello os limpou igualmente.



En canto á pregunta vinte e dous di que as persoas de Cambre contratadas para servizos e traballos auxiliares foron trece.

Contestando á pregunta vinte e tres, di que o día da actuación dos The Real McKenzies, a verdade é que xa tiñan previsto que chovera, por iso se colocou a carpa ese luns no Campo da Feira, previndo que ía chover, incluso chamaron pola tarde a Meteogalicia e dixerónlles que o que se esperaba eran ventos fortes, pero que en ningún momento se esperaba choiva. El non sabe se eles estaban ás doce da noite por alí, pero caeu un diluvio, ese foi o motivo de que se anulara a actuación de The Real McKenzies, que como bos profesionais, e como non se podía actuar no palco, actuaron debaixo da carpa, un pouco de andar por casa.

Respondendo á pregunta vinte e catro, última de EU, di que, tendo en conta que o concello retornará 169.432 euros, acordaron coas empresas produtoras o retorno da achega realizada polo Concello de Cambre, segundo o punto catro da segunda cláusula do convenio de colaboración con ambas empresas. Dese xeito, di que o concello percibirá a cantidade de 70.000 euros antes do 10 de decembro, e os seguintes 99.432,54 euros antes do 10 de maio de 2013.

Explica que para iso o concello asinou un acordo no que se establecen as obrigas económicas das empresas. Quixeron facilitarlles os prazos de pago debido a que esas empresas correron un alto risco na súa aposta por Cambre, ademais, están á espera de cobrar os patrocinios de publicidade de varias marcas coas que teñen acordos e subvencións de distintos organismos.

A continuación, don Santiago Manuel Ríos Rama di que vai contestar ás preguntas presentadas conxuntamente polo PSdeG-PSOE e UxC.

A pregunta número un di que xa está contestada na pregunta número un de EU.

A pregunta número dous xa foi contestada na número un e número vinte e catro de EU.

Respondendo á pregunta número tres di que os ingresos totais da organización ascenden a 309.432,54 euros.

En canto á pregunta catro, di que a captación de patrocinios e subvencións correu a cargo das empresas produtoras, precisamente porque o que obtivesen neses conceptos reduciríase da súa achega, tal e como establece o punto número un do convenio de colaboración.

Di que a pregunta número cinco xa está contestada na pregunta número sete de EU.

Respecto da pregunta número seis, explica que se valorou a parcela de Lendoiro na Barcala, de titularidade municipal, pero houbo dous problemas, primeiro existía unha

canalización de gas baixo o soar que segundo os técnicos municipais suporía un risco que non estaban dispostos a asumir, ademais, non era o suficientemente grande e o terreo era semipantanosos.

Outra opción foi o polígono do Espírito Santo, que foi descartado, entre outros motivos, porque non tería suposto ningún beneficio para os comerciantes de Cambre.

Respondendo á pregunta número sete di que se informou con suficiente antelación polos diferentes canles de comunicación, e explica que el mesmo acompañado por unha das súas compañeiras, desprazáronse para comunicarllelo a cada un deles.

En canto á pregunta número oito di que as empresas produtoras estudaron detidamente a localización, así como a orientación dos diferentes escenarios e equipos de son. Non obstante, é certo que algunhas parroquias sufriron os decibelios máis que outras, iso debido á irregularidade do terreo e a que non existe ningunha barreira natural que absorbese o son. Por todo iso, di que tomaron nota dese contratempo, e en próximas edicións levarase a cabo unha planificación exhaustiva e incluso tentarán orientar o impacto acústico cara a localizacións onde se minimicen as molestias aos veciños.

Respondendo á pregunta número nove di que os horarios para actividades musicais están regulados no plan de autoprotección e seguridade antes mencionado, non obstante, quere lembrarilles que foi o seguinte:

- O xoves, dende as 15:00 horas ata as 05:45 a.m.
- O venres, dende as 15:00 horas ata as 06:45 a.m.
- O sábado, dende as 15:00 horas ata as 06:05 a.m.
- O domingo, dende as 15:00 horas ata as 05:45 a.m.

Respecto da pregunta dez explica que se cumpriron os horarios dentro do recinto, tal e como marcaba o plan de autoprotección.

En canto á pregunta once, di que, efectivamente, tralas queixas veciñais polo son, os técnicos de son das empresas contratadas rebaixaron, na medida do posible, o nivel de decibelios, pero o problema segundo lles comentaron foi que a pesar de rebaixar eses niveis, a ausencia de barreiras naturais permitiu ao son viaxar ata parroquias que se atopan a suficiente distancia de emisión dos equipos de PA, que son os altosfalantes, polo tanto, si se tomaron medidas ao respecto.

A pregunta número doce xa está contestada na pregunta número once de EU e na anterior.

Respondendo á pregunta número trece di que non se aumentou o volume, sinxelamente é que o xoves se utilizou só un escenario, o contrario do venres ou o sábado, días nos que houbo tres escenarios diferentes e carpas de música electrónica.

A pregunta número catorce está respondida na dezaioito de EU.

Respecto da pregunta número quince repite que se realizaron reunións específicas entre a Policía municipal, garda civil, bombeiros, protección civil, empresas produtoras, empresa de seguridade privada e a súa concellaría, precisamente para coordinar as medidas de seguridade no referente á celebración do evento, acordando as medidas necesarias para evitar trastornos de diferente índole. Aparcadoiros graduais de vehículos, aparcadoiros para furgonetas, accesos directos dende o carril de emerxencia para o vehículo de bombeiros a todos os grupos electróxeos, filtros de seguridade, controis de accesos, etc., e estableceuse o centro de coordinación no edificio situado xunto ao centro de saúde de Cambre.

Explica que, ademais, contaron con dúas ambulancias e hospital de campaña, e como xa dixeron publicamente o dispositivo de seguridade contou cun total de preto de douscentos efectivos de seguridade profesionais, no que foi o maior despregamento realizado nunca antes en Cambre, e que deu os seus froitos, posto que as escasas incidencias que houbo resolvéronse nuns tempos de reacción exemplares.

Contestando á pregunta dezaseis sobre os actos delictuosos denunciados polos veciños, di que, segundo os datos da policía local e garda civil, os presuntos autores do intento de violación de morada son parte dunha banda de cidadáns estranxeiros que comete roubos na comarca, e nada ten que ver co festival Brincadeira.

En canto á pregunta dezasete di que de forma preventiva se realizou o maior despregamento de seguridade da historia de Cambre, con preto de cen efectivos chegados dende varios puntos da xeografía galega, como os GRS da garda civil. Polo tanto, na súa opinión e na dos responsables de seguridade, foron moi precavidos.

Respecto da pregunta dezaioito sobre as detencións que se realizaron na parroquia de Cambre di que foi unha, e, segundo a policía local, foi a consecuencia dun delito contra o medio ambiente, fóra do recinto. Curiosamente o autor do delito é un veciño de Cambre.

Contestando á pregunta dezanove sobre o gasto, di que son os 21.240 euros que xa o dixo anteriormente.

Respecto da pregunta número vinte, sobre o volume de lixo, a empresa encargada da limpeza dixo que non se detivo en medir o dito volume, e non saben como cuantificar ese volume, polo que descoñecen o volume de lixo exacto que se xerou, aínda que é obvio que un evento desas características xera unha importante cantidade de lixo.

Respondendo á pregunta vinte e un, di que o día 18 estaba rematada a limpeza da zona de acampada.

A pregunta vinte e dous está respondida na pregunta dezasete de EU.

A pregunta vinte e tres repite o tema da localización. Di que haberá que analizar con detemento a localización futura do escenario. En canto ao descanso, evitarase que eses decibelios cheguen a esas parroquias, para iso haberá que estudar con detemento a próxima organización e agarda contar para iso coas opinións da oposición.

Respondendo á pregunta vinte e catro sobre a valoración feita polos grupos musicais de Cambre, di que mantivo unha conversa con varios deses grupos, e polo xeral a súa valoración foi moi positiva. Lémbbralles que é a primeira vez que actúan tantas formacións musicais cambresas, e que o premio para eses grupos foi actuar compartindo cartel con Status Quo. Ademais, foi unha plataforma de lanzamento con toda a publicidade que se fixo por todo o Estado.

Respecto da pregunta vinte e cinco, sobre o sistema para fiscalizar as entradas, di que se empregaron uns tickets numerados para a venda de consumicións, e o concello tivo acceso ao reconto ao termo de cada xornada, co fin de contabilizar as cantidades xeradas. En canto á venda de entradas utilizouse unha plataforma de venda especializada, Ticketmaster, que arroxaba datos precisos e en tempo real dos canles de venda.

Respondendo á pregunta vinte e seis di que o custo do servizo de limpeza foi nulo, xa que a fixo a empresa que se encarga da limpeza viaria do concello, sen repercutir ningún custo adicional aos veciños.

A pregunta vinte e sete xa está contestada na pregunta número seis de EU.

A pregunta vinte e oito tamén está contestada.

Contestando á pregunta vinte e nove di que non, que eses gastos son servizos municipais que non se computan no orzamento do evento, gastos que de todos os xeitos o concello ía ter que asumir aínda que non fose coorganizador.

A pregunta número trinta está contestada na pregunta número vinte e dous de EU.

A pregunta número trinta e un e a trinta e dous están contestadas na número dous de EU.

Don Santiago Manuel Ríos Rama finaliza a súa intervención dando as grazas.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, expón que o Sr. concelleiro o defraudou, xa que non esperaba tanta euforia nas súas respostas ás preguntas, pensou que ía haber unha pequena cura de humildade tendo en conta os sucesivos feitos que se produciron nese festival.

Explica que nun momento de crise e coa situación económica que están a padecer, non se debería, ao seu xuízo, investir 240.000 euros nese tipo de eventos. En resumo parece ser que Cambre só vai perder 70.000 euros, 70.000 euros para unha banda que é o que realmente custa o festival Rock in Cambre. Di que neste caso o goberno municipal o que fixo foi favorecer a unha empresa privada con cartos públicos, iso é o que se fixo, favorecer a unha empresa privada con cartos públicos.

Evidentemente el coincide co concelleiro de Cultura en que moitos negocios de Cambre e moitas empresas de Cambre tiveron bastante éxito e bastante xente, e amortizaron en certa medida o festival, algunhas empresas de Cambre o capitalizaron, do cal se alegran moitísimo, pero cando falan de Cambre refírese ao núcleo urbano de Cambre, non se refire nin ao Temple, nin a Sta. María de Vigo, nin a Sigrás, nin ás outras parroquias, estase a referir a Cambre, aínda que insiste en que nese sentido se alegra, porque el tamén foi testemuña de que efectivamente se capitalizou o festival.

Continúa dicindo que el cre que este festival é unha actividade cultural, e iso non o vai valorar, porque cada un que o analice ao seu xeito, pero cre que o que si cabía era unha maior contención económica. O goberno municipal sabe que no concello hai moitísimas máis necesidades onde empregar os cartos, e o goberno ten a obriga de administrar e empregar os cartos dos contribuíntes noutras cousas que de verdade claman ao ceo, porque el, se ten que suspender parte do festival, o suspende, pero que non haxa ningunha persoa de Cambre que non teña concedida a dependencia ou non teña asistencia a domicilio, porque para el hai preferencias que o goberno ten que valorar, e o seu grupo está aquí para lembrarllelo.

Segue dicindo que en Cambre hai persoas que están nas súas casas que non son atendidas, é máis, aos rapaces e á xente que non ten rapaces gústalles a festa, e gústanlles os festivais, gozan con iso, pero nestes momentos o que quere a xuventude de Cambre é traballo, traballo para poder gastar nas festas e traballo para poder gastar nos festivais, e repite que iso é o que quere a xuventude de Cambre. Por todo isto, baixo o seu criterio e baixo o seu punto de vista, houbo, non vai dicir un mal gasto, pero si que se gastou máis do que se debeu gastar.

Pensa que o goberno apostou por un macro festival que non se corresponde co Concello de Cambre. O goberno organizou un festival nun lugar, segundo o que eles mesmos dixeron o máis axeitado, e el discrepa, xa que ao mellor foi aí porque non había outro lugar, ou ao mellor é que Cambre non ten capacidade para facer ese tipo de evento, e o que habería que facer é algo máis pequeno. Expón que ata o de agora o festival Rock in Cambre sempre foi un éxito, un éxito que ao mellor, en certo modo, o goberno se cargou con este evento.

Continúa dicindo que se fixo un festival practicamente pegado ás casas, fronte a un centro de saúde, cando o propio goberno debería saber que no concello existe unha

ordenanza municipal onde se di que esa é unha zona de sensibilidade acústica por haber alí un centro médico. Non sabe se eles valoraron esa circunstancia, porque neste caso o goberno incumpriu as súas propias ordenanzas, facendo un festival cun montón de decibelios fronte ao centro de saúde.

Tampouco sabe se pensaron en moitísimas persoas que tiñan que ir traballar, e moitas persoas que estaban enfermas, non sabe se pensaron nelas, pero habería que telo pensado, habería que ter esa sensibilidade e, ao mellor, en vez de catro días habería que facer dous, e ao mellor non se debería facer tanto ruído.

Di que xa o dixo e o repite, EU está de acordo co festival Rock in Cambre, pero non queren que os cartos públicos se destinen a empresas privadas, iso non o queren, o que queren é que eses cartos se destinen a outras cousas, como á creación de emprego que é moi importante nestes momentos que están a pasar de recesión económica.

Por outra banda, se non lembra mal, o Sr. concelleiro de Cultura dixo que no tema da seguridade se gastaran 21.000 euros, en horas extras e demais.

Don Santiago Manuel Ríos Rama dille que foron 17.308 euros.

Don Luis Miguel Taibo Casás continúa dicindo que, efectivamente, 17.308 euros, o que lle parece unha cantidade bastante importante, case o salario dun traballador ao ano. Recoñece que en Cambre el é dos que din que o festival se desenvolveu por unhas canles positivas, sen grandes problemas, só problemas puntuais, como é normal cando se celebra un evento desas características onde hai moitísima xente.

Don Santiago Manuel Ríos Rama expón que foron precavidos en exceso, pero que nese sentido non están para nada arrepentidos, iso era necesario que o houbese, e, de todos os xeitos, en ningún momento se formou ningún atasco.

Don Luis Miguel Taibo Casás pídelle ao Sr. concelleiro que o deixe rematar.

Don Santiago Manuel Ríos Rama pídelle desculpas.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que o concelleiro de Cultura dixo moi afirmativamente que era o lugar máis axeitado para a celebración do evento, pero el imaxina que os veciños que viven na zona non estarán tan de acordo. Foi algo que decidiu unilateralmente o equipo de goberno, non consultaron con ninguén. O Sr. concelleiro dixo que para o vindeiro ano ían consultar, e que a información foi posta en varios sitios, pero el recalca que o Sr. concelleiro non informou de nada, practicamente de nada. O seu grupo pediulle o convenio de colaboración, e déullelo cinco meses despois, non sabe o por que, pero reitera que lles entregou o convenio cinco meses máis tarde, despois de insistirle varias veces.

Continúa dicindo que respecto do tema dos orzamentos, o concelleiro dixo que foi oportuno reducir o dez por cento nos orzamentos das festas de Santa María. Lembra que o ano pasado si que houbo outro tipo de conversacións, o pasado ano tiveron unha reunión na Alcaldía, onde os convocara cre que foi o voceiro do PP, para falar das festas de Cambre, e foi cando lles expuxeron que ían reducir un día de festa, pasando de catro a tres días, e os fogos de artificio. Por parte da oposición, ningún grupo puxo ningún tipo de obxección, conscientes de que había que aforrar. Este ano non soamente manteñen os tres días, senón que fan seis días de festa, de festa a tope. Non teñen cartos para sanear cuestións importantes, como atender á xente que está enferma na casa, non teñen para pan, pero gastan en festas. O goberno apostou por iso, el aposta por cousas bastante distintas, como pode ser a axuda a domicilio, ou as emerxencias sociais que se producen neste país, neste pobo, porque os veciños non poden quedar sen eses servizos que son os máis elementais.

Tamén quere dicir que o concelleiro repetiu un par de veces que foi o evento máis importante celebrado no Concello de Cambre durante moitísimos anos, e preguntalle se non se estará botando á piscina, porque algún evento houbo en Cambre que tamén foi importante, houbo eventos nos que ata interviron helicópteros, pero igual o Sr. concelleiro non lembra cando pasou a Volta ciclista a Galicia, e foi en Cambre a final de etapa e da volta, pero el nese debate non vai entrar, en analizar se había máis policíaas ou máis helicópteros, en todo caso, un evento importante foi tamén a proxección que lle deu a Cambre a volta ciclista.

Non obstante, lembra que as festas de Cambre antigamente as facían as comisións, con moito esforzo, moito traballo, moita participación e pouco diñeiro. Cre que é dende o ano 1999 que as paga o concello, con moitos cartos pero menos participación, onde os veciños non participan practicamente nada. Di que hai fórmulas para que poidan participar os veciños e as distintas asociacións, e pídelles que poñan en funcionamento o Regulamento de participación cidadá, que o teñen agochado no caixón dende o mes de marzo pasado, e entón a xente poderá participar nas festas, e o pobo poderá dicir que tipo de festas quere, e que tipo de diversións quere. Pide que lle dean participación aos cidadáns e que xa verán como os veciños de Cambre llo van a agradecer.

Explica que el dicía o de publicar os gastos na páxina web porque lle parece algo que beneficia ao propio concello, á propia Corporación e ao equipo de goberno. Cre que por cuestión de transparencia se deberían publicar, non pasa nada por publicar tanto os gastos de limpeza como outros gastos, non pasa absolutamente nada, ao contrario, el cre que é un beneficio para o Concello de Cambre.

Continúa dicindo que o beneficio en moitos casos non se pode cuantificar. Antes falaron dos establecementos de hostelería, e el tampouco vai cuantificar os seus beneficios, porque evidentemente non foi xunto a eles a facerlles a caixa, pero sabe que algúns se queixan e que outros están moi contentos, pero, en liñas xerais, cre que, no que se refire ao centro, a xente pode estar contenta, aínda que noutros lugares non o estará tanto,

porque, efectivamente, fíxose un investimento, con recursos de todos os veciños, pero os beneficios concentráronse nun lugar determinado, esas son as queixas que lles manifestaron a eles algunhas persoas.

Segue a dicir que para próximos anos el pensa que se pode facer ese evento pero non do xeito que se fixo este ano. Ademais, dille ao Sr. concelleiro, con toda a sinceridade, que o seu grupo está a prol de que se siga celebrando o Rock in Cambre, porque iso si que é proxección de Cambre, un montón de rapaces esforzáronse en que houbera un festival de verdade en Cambre, e pídelles que non o estraguen agora, por iso, se o concelleiro de Cultura os chama, eles colaborarán e achegarán todo o que faga falta, que non se preocupe por iso, nese sentido pode estar seguro que EU estará a prol.

Di que no referente ao número de persoas que contaban con credencial, había douscentos pases VIP, se non se equivoca. Neste punto quere facer unha aclaración, porque llo preguntaron varias persoas, e quere explicar que aos grupos da oposición de Cambre, polo menos no que respecta ao grupo de EU, se lles entregaron dúas entradas, dúas entradas a el e dúas entradas á súa compañeira, evidentemente non as utilizaron, porque di que eles non queren ter ningunha preferencia respecto dos veciños de Cambre, pero o que si botaron de menos foi que, ao mellor, algún concelleiro de Cambre, de calquera grupo, tivera unha credencial para nun momento determinado, se o requiriran para calquera cousa que sucedera dentro, poder entrar, e non unha pulseiriña para x días.

Cre que iso tería que estar previsto, pero que ben, que non se pode pensar en todo, polo que lles lembra que neses casos, porque xa ocorreu outras veces e noutros eventos celebrados en Cambre, debería darse unha credencial aos concelleiros, de xeito que poidan acceder a un recinto á hora que queiran e cando queiran, igual que accedían outras persoas que non eran concelleiros e que si tiñan credencial para entrar. En todo caso, ese é un punto que xa vai ir previsto na reforma do Regulamento orgánico municipal.

Segue dicindo que se alegra de que o concelleiro dixera que vai contar co resto dos grupos en anos sucesivos, pero non o di soamente para este tema, senón tamén para outros temas distintos, e, en calquera caso, para que así o concelleiro non aguante el so toda a chuvascada, iso non lles importa.

Insiste en que discrepa profundamente en que o lugar de celebración do festival sexa o lugar máis axeitado, e como xa lles anticiparon que pensaban repetir a experiencia, dende logo dese xeito co voto de EU que non contén. Doutro xeito pode ser, pero dese non. En resumo, cre que todo o que significou o festival, ao mellor ten producido máis prexuízos a algunhas persoas, que éxito, e ao mellor non son os tempos adecuados para facer ese tipo de festivais.

Continúa dicindo que el tamén quere felicitar ao servizo de limpeza e á policía local, xa que fixeron un traballo moi importante. El foi pola zona despois do festival, varias



veces, e sentiu rabia como calquera veciño ao ver centos de quilos de pan e friame tirados, de verdade que sentiu rabia, porque nos momentos nos que están, ver que contra un valo había centos de bolsas de pan sen estrear, en sacos, e que ninguén foi capaz de dicir que iso se podía entregar nalgún sitio, ninguén da organización, volve dicir que sentiu rabia. En canto ao tema da limpeza puido haber certa demora, pero el cre que merecen unha felicitación, polo menos por parte do seu grupo, e o mesmo no que respecta ao servizo de orde pública.

Por outra banda, tamén quere dicir que, ao seu xuízo, o cartel do Rock in Cambre viuse dalgún modo desvirtuado, porque antes si que era unha marca en Cambre, resultado do esforzo e traballo de moitísimas persoas. Parécelle que o concelleiro tivo algunha reunión con algúns dos organizadores do Rock in Cambre de edicións anteriores, e que lle suxeriron outras cousas, pero foi o Sr. concelleiro quen tomou ese tipo de decisións e quen apostou por ese tipo de evento.

Segue dicindo que nas respostas ás preguntas dixo que se contrataran trece persoas de Cambre, e di que se alegra, nese caso o felicita, porque ademais foi unha iniciativa que lle formulou el mesmo, que se contratasen persoas de Cambre para o servizo do festival, aínda que é unha mágoa que non foran máis de trece, pero é o que hai.

Sobre a actuación de The Real McKenzies, di que efectivamente foi nun día que choveu, pero que el cre que neses casos o goberno debería ter un plan B, sabe que é difícil, pero deberían ter un plan B, porque, ademais, nesa actuación e para ese grupo había moitas expectativas, sobre todo entre a xuventude de Cambre, moitísimas.

Don Luis Miguel Taibo Casás chámalle á atención á Sra. concelleira do PP, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, dicíndolle que se non lle importa está falando e pídelle que non o interrompa. Di que lle pide respecto porque está falando, nada máis que iso, e que a comparecencia é do concelleiro de Cultura.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel manifesta que ela non lle interrompeu nada.

Don Luis Miguel Taibo Casás repite que a comparecencia é do concelleiro de Cultura.

O Sr. alcalde pide tranquilidade.

Don Luis Miguel Taibo Casás dille á concelleira que el non a chamou maleducada e pídelle que coide o seu vocabulario, que ás veces ten unha lingua moi viperina.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle ao voceiro de EU que ninguén o molestou.

Don Luis Miguel Taibo Casás explica que el está falando e que cando unha persoa está falando hai que ter un respecto e polo menos escoitala, ademais é algo que sucede

moitísimas veces, e xa dixo varias veces que a comparecencia é do concelleiro de Cultura.

O Sr. alcalde pídelle que termine a súa intervención.

Don Luis Miguel Taibo Casás expón que, como dicía anteriormente, ese festival dalgún modo serviu para beneficiar a unha empresa privada, e non está mal que ás veces se beneficie á empresa privada, porque tamén teñen dereito a traballar, xa que son as creadoras e xeradoras de emprego, pero di que neste caso hai unha cousa que non recolle o convenio que lles facilitaron, pregunta que pasaría se houbo beneficios no festival, porque en ningún sitio se recolle ningún artigo sobre se eses beneficios ían ser para o Concello de Cambre, non foi o caso, pero é algo que se debería ter contemplado, e non se contempla, en ningún lado se di que se houbo beneficios se repartirían e que o Concello de Cambre sería beneficiario.

Conclúe agradecéndolle ao Sr. concelleiro de Cultura a súa comparecencia, que tivera a vontade de comparecer, agradécello de verdade, xa que este foi un tema que desatou moitas expectativas e el está para responder e nada máis. Tamén lle quere dicir que en política, cando se asumen unhas responsabilidades, ás veces tómanse decisións, e todos teñen dereito a equivocarse, pero tamén teñen a obriga, en moitos casos, de rectificar. O seu grupo espera que tome nota da experiencia e que non se repita nas mesmas condicións que este ano, porque el está seguro que o pobo de Cambre llo vai agradecer.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, expón que vai tratar de ser o máis breve posible e non ser demagórico. Di que coincide en moitos aspectos co que acaba de dicir o Sr. Taibo Casás de EU, pero quere puntualizar certas cousas, porque escoitando a comparecencia do concelleiro de Cultura hai moitas cuestións coas que non están de acordo, e que ademais son totalmente desmontables, comezando pola información que se lles dá aos grupos da oposición.

Di que o convenio que se firma polo concello o 1 de febreiro de 2012, se lle entregou á oposición en xuño, e dende o 1 de febreiro ata xuño, no pleno, tanto o seu grupo como os demais, preguntaron en moitas ocasións sobre a información acerca do evento, e en ningún caso se lles deu. Di que é máis, o seu grupo no mes de xuño presentou unha solicitude do expediente que a data de hoxe aínda non lles chegou, polo cal, esa información e ese ofrecemento á colaboración cos grupos da oposición, a toro pasado, non lles vale. Sempre se lles enche a boca co consenso, con falar e coa colaboración, pero di que os temas hai que consensualos, pero consensualos en tempo e forma.

Respecto do tema económico di que para eles o que é importantísimo, igual que comentou o concelleiro de EU anteriormente, é o momento e situación na que están, e lembra que asistiron a varios plenos onde houbo modificacións dos orzamentos e cambios de partidas para asistir distintas necesidades dos veciños de Cambre. Dende logo o que non se pode permitir é o gasto que se fixo nese festival, nese evento, e co

resultado que se tivo, resultado que, ademais, a todas luces era previsible. Di que por parte do equipo de goberno unha das primeiras explicacións que lles deron acerca da organización do festival era que se facía para que aos veciños de Cambre o Rock in Cambre lles saíse gratis, cousa que non foi así.

Explica que do tema económico o goberno é o responsable, e o que máis lle preocupa é que el, que vive en Cambre dende hai case trinta anos, non manexa máis información da que poden manexar os demais. Vindo doutro concello veciño, como é o Concello de Ordes, pregunta se pensan que Ordes ía deixar marchar o festival de alí se fose rendible. Moita xente, sen necesidade de ir a hemerotecas nin nada, sabe que en Ordes tiveron moitos problemas económicos, e saben que esas mesmas empresas presuntamente teñen temas sen pagar de edicións anteriores, polo cal, di que lle preocupa un pouco tamén esa diferenciación que se fai agora ao diferir os pagos por parte das achegas que se teñen que devolver ao Concello de Cambre.

Coincide tamén con que o lugar, dende logo, non é o máis axeitado, nin agora nin para outras edicións, porque se é como o concelleiro lles di, que se estudou e se fixo un plan, estudos e demais, e as barreiras naturais non existen, non existen agora nin van existir no futuro.

Continúa a dicir que hai un montón de cousas máis que tamén lle preocupan. Dende logo o seu grupo municipal declinou as invitacións que lles deron, eles non foron e os que quixeron ir pagaron o evento como calquera outro veciño de Cambre, pero el durante eses días si pasou varias veces pola zona do río, e aínda que o concelleiro de Cultura llelo describiu idilicamente, como que fora algo marabilloso e todo idílico, nada máis lonxe da realidade, porque calquera veciño que pasase por alí eses días viu o que alí había. Di que efectivamente nese tipo de eventos pagan xustos por pecadores, pero hai xente que se comporta civicamente e hai xente que non se comporta civicamente, e non é que se puxera en alza o valor do río Mero, porque el pensa que a xente que acampou alí, despois de tres ou catro días, se lles preguntan onde acamparon, non o saben.

Segue dicindo que en canto ás respostas que o concelleiro lle deu ao partido socialista, el non vai dicir que sexa a maneira máis axeitada de contestar ou non contestar, pero como foi o acordo ao que se chegou na xunta de voceiros, o asumen e punto.

Respecto dos horarios, di que para el, dende logo, se incumpriron en todo momento, iso pode preguntárllelo a calquera veciño da zona, porque non houbo ningún día que a música rematase nos horarios que o concelleiro dixo, nin dentro do recinto e moito menos fóra do recinto.

Tamén comparte a felicitación a todos os empregados municipais polo labor que fixeron e desenvolveron neses días, de moito sacrificio, porque realmente foi moitísimo traballo. Tamén comparte o que dixo o compañeiro, cre que quixeron mexar fóra do

testo, o Concello de Cambre non está preparado para facer ese tipo de eventos, por desgraza, non teñen ningún espazo público, que sexa propiedade do concello, que cumpra, nin por metros, nin por calidades para poder estar actuando sen molestar aos veciños, polo tanto, é algo que nunca se debeu de facer.

Sobre a música e o tema dos decibelios, poden estar moi ben as explicacións de que se pasou dun escenario a tres escenarios, pero o certo é que o ruído era infernal.

Segue dicindo que economicamente hai unha serie de cuestións que o concelleiro de Cultura lles dixo, pero que el cre que se quedan curtas, porque hai unha serie de gastos como o de limpeza, o cal cifrou nuns 21.000 euros, e que era o gasto de limpeza asumido pola empresa municipal.

Ante as manifestacións dalgúns concelleiros do equipo de goberno que din que non foron gastos pola limpeza, senón de roza e outros, don José Manuel Lemos Seoane, di que é o mesmo, que a fin de contas iso, non é que sexa algo aleatorio, porque dende logo é moi importante, pero el considera que as perdas están bastante máis por enriba desas cifras e que co tempo han de velo.

Referente a próximos eventos, di que, dende logo, o grupo municipal dos socialistas de Cambre apoiará as festas de Cambre, porque as apoiaron sempre e as seguirán apoiando nun futuro, igual que a marca do Concello de Cambre que é o Rock in Cambre, porque como di o propio convenio, a marca Brincadeira non lle corresponde ao Concello de Cambre, senón que lle corresponde ás empresas, que son empresas privadas, e que son as donas desa marca.

Dito isto, coa cantidade de necesidades que hai hoxe no concello, nuns orzamentos nos que o seu grupo se abstuvo por unha serie de puntos que propuxeron, e que aínda están incumpridos, porque lembra que presentaron tres puntos que aínda están sen cumprir que é a rede de sumidoiros en Sta. María de Vigo, Andeiro e sendas peonís dende Cela ata Rocha, nesas orzamentos dende logo da partida orzamentaria de 240.000 euros para o evento, non se retivo nin se cambiou nin un peso, mantívose. Polo tanto, di que dende o seu grupo non haberá un apoio a seguintes edicións en partidas económicas semellantes a ese tema, porque lles parece un auténtico dispendio.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, expón que cando se fai calquera tipo de evento, non só este, senón calquera, pois non todo sae ben nin todo sae mal, pero el bota en falta tamén un pouco de mirarse o embigo en certos aspectos por parte do goberno.

Di que vaia por diante que eles votaron en contra nos orzamentos, e que neste punto en concreto dixeron que lles parecía totalmente desproporcionado, polo momento no que se está a vivir, un investimento de 240.000 euros para facer ese tipo de evento cunha empresa privada.

Segue dicindo que non consultaron, nin a eles nin ao resto dos grupos, como podía facerse ou que podían chegar para mellorar a idea que o propio goberno tiña.

Di que vaia por diante tamén, a súa felicitación polo tema da seguridade aos traballadores municipais, policía local, servizo de emerxencias e garda civil. Persoalmente quere agradecerlle tamén a súa dedicación, porque el tamén o viviu como usuario, a Fernando Caride e a Hugo, que nos días que el asistiu ao evento estiveron ao pé do canón moitísimas horas traballando, polo tanto cre que é de xustiza tamén agradecerlles aos dous o seu traballo.

Explica que eles votaron en contra dos orzamentos e dixeron que era un investimento desproporcionado para os momentos nos que están, e aínda así, colaboraron para que o evento saíse o mellor posible, así o recoñeceu tamén o concelleiro de Cultura. Di que principalmente colaborou don Antonio Orosa no que se lle pediu por parte do goberno, porque eles, aínda non estando de acordo en que se fixese, unha vez que se decidiu e aprobou facelo, o que queren é o seu éxito, para que os veciños de Cambre non teñan que soportar máis débeda.

Segue dicindo que o Sr. concelleiro dixo que era unha promoción económica, que era un investimento económico, e nos orzamentos dixeron que non só se ía recuperar ese investimento, senón que estaban case seguros de que ían ter beneficios, cousa que como se ve, unha vez máis, porque non é só con iso, non acertaron.

Respecto da promoción económica e cultural ten que facer certos reproches que se deben ter en conta para próximas edicións, se deciden volver a facelo. Di que hai prexuízos, non só os sonoros que dixeron o partido socialista e EU, hai outros prexuízos que o goberno coñece perfectamente, como é o que pasou na praza Europa co tema das estadas, que provocou prexuízos económicos a máis de setenta veciños. Segundo a estimación deses veciños os prexuízos poden acadar os cinco mil euros, por retirar as estadas e paralizar a obra. Di que non sabe se o tiveron en conta, pero se non foi así que o teñan para próximos eventos, teñen que saber con antelación cales son as datas e ter en conta as obras que se van facer no municipio, para non prexudicar aos veciños de Cambre.

Por outra banda di que cre lembrar, e que igual está equivocado e que lle agradecería ao Sr. concelleiro se lle contestara agora, que o museo estivo pechado polas tardes.

Don Santiago Manuel Ríos Rama responde que é certo, pero que iso non foi pola súa culpa, senón porque a persoa que está habitualmente no museo estivo de vacacións xusto nesa época, e non dispoñían de persoal para substituílo, nin había conserxes nin ninguén, co único que contaban era cunha persoa que está traballando en Cultura como auxiliar administrativa, que era quen abría pola mañá, pero pola tarde tiña que estar pechado.

Continúa don Óscar Alfonso García Patiño dicindo que o sorprendente é que nun evento que, como o propio concelleiro dixo foi dos maiores que se fixeron neste concello, non tiveran aberto o museo, que é a referencia de información turística de Cambre, para amosarlle á xente que viña coñecer Cambre que é o que se pode atopar realmente no municipio. Tamén botaron en falta que poderían ter feito a ruta de senderismo que teñen, informar dos castros, do museo, ou darlle maior difusión ao certame de pintura. Ese sería un pouco o tema da promoción cultural.

Sobre os 70.000 euros que o concelleiro di que se perderon pero que é un gasto similar ao que se tivo o ano pasado co Rock in Cambre, di que igual nestes momentos o que hai que facer é gastar menos no Rock in Cambre. Son 70.000 euros de gasto, e pensa que esa non é xustificación. Repite que se perderon 70.000 euros.

Acerca dos tickets numerados das bebidas, vaia por diante que pode estar equivocado, pero que el como usuario comprou os tickets e non viu a numeración, pensa que aínda ten algún en casa, pero cre que os tickets, os brincos como os chamaban, non estaban numerados, e de aí a pregunta do seu grupo sobre como se fiscalizou iso. Di que preguntará despois á interventora, e pediralle un informe pasadas estas datas, para ver realmente como se xestionou iso.

Xa para rematar, di que el xoga nos Once Cabaleiros de veteranos e teñen unha liga na cal poden competir, non van competir en ligas co Real Madrid ou co Barcelona, porque son de Cambre, teñen o orzamento que teñen, e teñen as necesidades que teñen. Con isto quere dicir que deben investir os cartos en cousas mellores que nesas grandes eventos e grandes apostas que nunca se sabe como van saír.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que eles non participaron ao respecto desta problemática que se acabou instalando dentro do concello, xa que parece que se fixo disto un *casus belli* total, onde hai que estar a prol ou en contra do Brincadeira, onde hai que estar a prol ou en contra do goberno.

Di que o BNG defende unha política tamén festiva, unha política de lecer, unha política de turismo que entenden pode ser, en moitos aspectos, diametralmente oposta á que defende o Partido Popular. O BNG defende unha maior participación cidadá, defende que, sobre todo a día de hoxe coa actual crise, débense potenciar determinados eventos lúdicos que sexan de custe cero para a cidadanía. Con todo, di que o goberno municipal tomou a determinación de realizar o Brincadeira, incluso dotaron unha partida dentro dos orzamentos xerais para o ano 2012 e, en función diso, actuaron.

Sinxelamente, quere facerlles unha pregunta xenérica. Varios dos presentes estiveron na oposición na lexislatura pasada, pídelles que imaxinen que o goberno municipal anterior collera 240.000 euros da caixa de todos os veciños de Cambre e llos dera a dous

empresarios, que son os que están detrás da organización do Brincadeira, vinculados ao ocio nocturno en Ordes e Laracha, para organizar un festival, e que só catro meses despois lles dera contas ao resto da Corporación. Dende logo non é unha maneira procedimentalmente moi loable.

Segue dicindo que é de agradecer a disposición amosada polo concelleiro de Cultura para responder ás preguntas que dende a oposición se lle formularon. Eles, dende o BNG, teñen varias cuestións, entre elas o feito de que o concelleiro de Cultura dixera que era incuantificable o impacto económico que tivo en Cambre a realización dese evento. El considera que un responsable público, un responsable dunha administración local debe de buscar o xeito, ben a través do diálogo cos axentes económicos implicados, ben a través do contraste coa sociedade de Cambre, asociacións de empresarios, etc., para realmente determinar se eses presuntos 70.000 euros, que logo saben que foron bastantes máis, tiveron o seu retorno ou non o tiveron.

Explica que eles entenden que as cousas non se fixeron ben, principalmente porque faltou información respecto de todo o proceso aos grupos da oposición. Entendeuse por parte do goberno como un proxecto propio que non podía ser compartido cos grupos opositores. Tampouco se cumpriu coas expectativas, porque a papo cheo se dixo que non ía ter custo para o Concello de Cambre, e a realidade non foi esa, porque aí están os diarios de sesións para velo.

Tamén recoñecen determinadas cuestións que os levan a facer unha reflexión sobre o que son as festas en Cambre, unha reflexión que o goberno tamén ten manifestado, por exemplo, no que se refire ao feito de que a marca Rock in Cambre non estaba rexistrada a nome do concello ata que chegou o novo goberno. Di que son cousas como esas as que os levan a formularse unha serie de cuestións sobre o que son as festas de Cambre. Di que o quince de agosto é a data máis complicada en todo o panorama festivo para actuar, e que eles defenden unhas festas de Cambre que loxicamente deben ser abertas á cidadanía, pero tamén coas concesións xustas á demagogia, toda vez que saben que moitas veces as comisións de festas e moitas veces a participación de entidades privadas, non chegan á hora de sufragar unhas festas. Di que eles defenden unhas festas de Cambre modestas, que sirvan para dalgún xeito cumprir coas ansias e expectativas dos veciños de Cambre e, na medida do posible, atraer xente de zonas próximas.

En canto ao que se fixo co Brincadeira, falouse de impacto turístico moi á lixeira, porque hai un impacto turístico que pode ser positivo e hai un impacto turístico que pode ser negativo, e a ese respecto o que falaba antes o compañeiro de UxC, sobre a repercusión no festival de pintura, nas rutas de senderismo ou na visita á igrexa románica de Cambre, por poñer un exemplo. Eles saben que dificilmente son aspectos, sensibilidades ou potencialidades turísticas homologables e parellas, porque son públicos total e absolutamente distintos, o que lles leva a preguntarse se ese impacto turístico acaba sendo a medio ou longo prazo positivo ou negativo para Cambre, e o mesmo pasa á hora de cuantificar o gasto para saber canto gasto real queda en Cambre.

Di que quizais non sexa o modelo de potencialidade turística que máis interese ao Concello de Cambre, e quizais o retorno económico puntual non axude a desenvolver o sector turístico como debera.

Por todo o anterior, eles deixan aberta a porta a que se celebre ou non en próximas edicións o Brincadeira, niso tócalle ao goberno local tomar a iniciativa, e sempre atoparán no BNG unha postura crítica ás cousas que se fixeron mal, e unha postura comprensiva coas cousas que se fixeron ben. El comparte o que dixo o compañeiro don Luis Miguel Taibo Casás, a volta ciclista do 97 tivo en Cambre un impacto enorme, porque foi retransmitida por televisión para todo o Estado e tivo unha importancia moi grande, pero tamén tivera moitas eivas, é dicir, Cambre non estaba de todo preparado para acoller o que alí se acolleu e, non obstante, fíxose.

Conclúe dicindo que, polo tanto, eles fan fincapé en varias cuestións que xa formularon no seu momento, diálogo cos empresarios de Cambre, minimización dos custos que poida ter para os veciños das zonas máis próximas e, sobre todo, intentar dentro do posible, porque existen formas como as que se aplican no FIB de Benicassim, para que os veciños de Cambre, especialmente os mozos, poidan acceder ás entradas a un prezo máis reducido a cambio de compromisos, por exemplo, de publicidade nas redes sociais, de modo que se intente vincular esa actividade do xeito máis positivo a Cambre. Todo iso dentro dunha cuestión, que é que 70.000 euros de investimento no Brincadeira, coa que está caendo, resultan moi difíciles de explicar á cidadanía de Cambre.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, expón, para comezar a súa intervención, que está de acordo coas exposicións que se fixeron, non só por parte dos seus compañeiros da oposición, senón tamén por parte do concelleiro de Cultura, porque, como ben dixo o voceiro de UxC, entre todos deben achegar cousas, e non todo saiu ben nin todo saiu mal. O que si quere deixar moi claro, en primeiro lugar, é que el sempre vai estar a prol de todo tipo de eventos que sexan bos para Cambre e que dean a coñecer o concello, e sobre todo, en segundo lugar, que dean un impulso importante ao tecido comercial, e máis nestas épocas de crise que lles está tocando vivir e que están padecendo. El cre que iso é un lado moi positivo dese evento, e por suposto que houbo fallos, pero eles están alí para, entre todos, mellorar as cousas.

Continúa dicindo que o primeiro que hai que facer é preservar o benestar e descanso dos veciños, porque posiblemente moitos veciños protestaron, é verdade que se viu alterado o seu descanso, pero tamén hai que dicir, porque é a realidade, que cando se celebran festas en Cambre, na Coruña, en Guadalaxara, en Barcelona ou Madrid, dende logo os que están ao carón, sempre sofren máis as molestias, e iso pode dicírllelo el, que vive a vinte metros do Campo da Feira, onde todos os anos se celebran as festas patronais de Cambre e o Rock in Cambre, e el xamais protestou, non lle pareceu lóxico protestar porque, efectivamente, son as festas patronais, sabe que é un acto e unha festa importante para o pobo, e tampouco hai que darlle maior importancia. En todo caso haberá que ter en conta as molestias dos decibelios se é que as houbo.



En segundo lugar, por suposto tamen felicita, como fixeron outros compañeiros, ás forzas de seguridade, non obstante, tamén quere redundar nunha maior vixilancia, porque aos feitos se remite, houbo dous casos de intento de roubo, quixeron entrar en dúas vivendas a escasos cen metros do evento, con iso non está dicindo, nin moito menos, que os que perpetraron eses actos vandálicos fosen persoas que foran ao evento, pero posiblemente foron outros aproveitando a conxuntura e o ruído existente, polo que, se ao final se quere repetir ese evento outros anos, ao mellor non estaría de máis que ademais das forzas de seguridade do Estado, policía local e municipal, garda civil e protección civil, se reforce con seguridade privada. Non o sabe, pero é outra idea.

Continúa dicindo que, en canto á localización, tamén comparte o criterio dalgúns dos compañeiros que falan antes, sobre que quizais non sexa o mellor lugar, xa que o centro de saúde e o cemiterio están ao carón, e por exemplo, se hai enterramentos, as familias dos falecidos quixerán despedir ao seu familiar con total respecto.

De todos os xeitos, el cre que hai que dar unha valoración global e hai que ver o que repercutiu no tecido comercial e industrial do concello. É verdade o tema dos 70.000 euros que se gastaron, e que hai outras necesidades, pero as festas patronais que se realizaron outros anos tamén custaron cartos, e o Rock in Cambre, e o certame de pintura e moitas outras cousas, agora ben, con todo isto non quere que se malinterpreten as súas palabras nin que digan que está en contra de todas as actividades que acaba de enumerar, porque el está a prol das festas patronais, do Rock in Cambre e demais.

Segue dicindo que quere lembrar aos impulsores do Rock in Cambre, un grupo de rock pioneiro en Cambre, os Inadaptados, que foron os que se encargaron da primeira edición do Rock in Cambre hai máis de vinte anos. El cre que os seus compoñentes sempre foron persoas que colaboraron, e que se deben ter en conta para futuros eventos deste tipo, ademais, está seguro que sería unha colaboración totalmente desinteresada.

En canto ao certame de pintura, é verdade que posiblemente redonda menos nos veciños de Cambre, pero moitos concellos quixeran ter o patrimonio artístico que ten este concello coas obras de todos os certames que tiveron lugar.

Manifesta que, dito todo isto, é certo que custou 70.000 euros, pero, se calculan unha media de 8000 persoas ao día, por tres días de evento, iso sen contar o Rock in Cambre, son un total dunhas 24000 persoas, con que gastaran cada unha delas dez euros en Cambre, que posiblemente fose máis, xa están en 240.000 euros que redundaron en beneficio do concello. Por suposto el vai seguir apoiando eventos deste e doutro tipo, por exemplo o entroido ou todo o que sexa impulsar o sector económico e social do concello. Di que posiblemente a localización no é boa, pero tamén posiblemente se se fai máis lonxe do centro urbano redundaría menos nos comerciantes, por iso haberá que buscar alternativas, non sabe cales, ao mellor ter un bus cada media hora que estea indo

e vindo dende o lugar do evento ata o núcleo de poboación, ou buscar outras alternativas.

Conclúe dicindo que nin todo saiu ben nin todo saiu mal, houbo erros e acertos, pero se é o caso, para o ano que vén deberían falar antes con todos os grupos da oposición.

Concedida a palabra a don Santiago Manuel Ríos Rama di que vai falar un pouco en xeral de todo o que se dixo. En canto á localización, manifesta que a maioría dos festivais se realizan dentro dos núcleos urbanos, eles buscaron a localización máis idónea, pero os grupos da oposición din que non a acadaron, pode ser, pero o problema é o que é, e oxalá puidera mover unha montaña para poñela no medio para que non lles chegase o son aos veciños que se queixaron do ruído. Piden perdón por todas as molestias que lles puideron causar, e tentarán buscar outra localización se é que a hai.

Por outra banda, quere dicirle a don Luis Miguel Taibo Casás que a súa intención á hora de contratar o festival foi sempre realzar o Rock in Cambre. Como o voceiro de EU ben dixo, houbo persoas que foron falar con el do Rock in Cambre, e el o que sempre lles intentou transmitir foi que o que buscaban era realzar o Rock in Cambre, xamais desprezalo e nunca deixalo a un lado, porque entendían que o festival ía axudar a que o Rock in Cambre fose máis exitoso, e se se equivocaron e non o lograron, pois sería outro dos seus erros.

En canto ás festas, dinlle que as comisións son as que habitualmente se encargan delas. El lembra que hai máis ou menos un ano, viñeron certas persoas de Cambre a ofrecerlle facer unha comisión para encargarse das festas, el díxolles que lle parecía ben, pero comezaron a adiar o tema, dixéronlle que o vindeiro mes lle levaban a lista, leváronlla e, despois, desapareceron, polo que el tivo que tomar as rendas. Di que cando a xente se compromete, tense que comprometer con todas as consecuencias, non agora digo si e logo digo non segundo lles apeteza.

Respecto do horario, di que ao mellor é algo que teñen que mirar, que se lles escapou un pouco, pero el cre que dentro do festival aplicouse o horario que lles dixo, fóra podía haber festas, vai dicir privadas, ou de xente que pouco ou nada tiña que ver co festival, que era tamén o ruído que se escoitaba fóra do horario que lles explicou.

Sobre o concerto de The Real McKenzies, é algo que lle interesa recalcalo, porque de verdade que el tamén tiña moita ilusión polo concerto, pero suspendeuse máis que nada por seguridade, porque o palco se anegou totalmente, di que había que estar alí para ver como estaba aquel palco cheo de auga e, de feito, moitas festas e verbenas da comarca tamén se suspenderon debido ao temporal que caeu ese día.

Como conclusión quere dicir que é unha mágoa que pensen que o Concello de Cambre, en xeral, non ten capacidade para organizar eventos importantes, porque eles pensan que si. Segue dicindo que coincide cos outros grupos en moitas das súas apreciacións, pero

obviamente noutras non. Os demais valoraron moitos dos aspectos e reveses que xerou o festival, é lóxico, e el acepta as críticas como principal responsable do evento, pero cre que deben apostar por ese festival en futuras edicións, corrixindo, iso si, os aspectos negativos nos que cre, sinceramente, que coinciden.

Por outro lado quere pedir desculpas aos veciños que sufriron as molestias lóxicas dese evento, e asegurarlles que terá en conta todas as súas apreciacións, suxestións e queixas. Así mesmo quere reiterar a súa satisfacción polo que considera un acerto do goberno municipal, a pesar de que non se recupérase o cen por cen da achega, porque os beneficios, tanto económicos como culturais para Cambre, repite que son incalculables. Tamén quere lembrarlles que o concello non está para gañar cartos, non é unha empresa privada, e na súa opinión debe, entre outras cousas, xestionar os seus recursos económicos para tratar de ofrecer aos seus veciños a mellor oferta cultural, e potenciar a economía dos seus empresarios, que son os xeradores de emprego do concello. Di que é certa e asumible a crítica polo gasto que algúns consideran excesivo na actual época de crise, pero precisamente ese gasto resultou rendible para moitos comerciantes, hosteleiros e empresarios de Cambre, e non lle cabe dúbida de que nun futuro o será aínda máis, por iso, reitera que a súa valoración final é que o festival foi un éxito.

Continúa dicindo que nunca antes Cambre fora o epicentro da comarca a nivel cultural e social, nunca antes Cambre albergou a miles de persoas dentro do concello, nunca se xerou tanta economía nun período de tempo tan curto, nunca antes o nome do concello traspasou as fronteiras da autonomía e do Estado, creando un festival que se converteu xa no máis exitoso de Galicia, o que lles fai pensar que nun futuro o beneficio para os veciños de Cambre sexa aínda maior. Nunca antes a marca Cambre chegara tan lonxe e nunca antes deran a coñecer os seus recursos turísticos a ese nivel, agora coñecidos por todos.

Explica que se realizou unha promoción da imaxe de Cambre incalculable, impulsando o turismo con destino ao concello, e dando a coñecer a localidade máis alá das súas fronteiras. Di que é certo que non recuperaron a totalidade dos cartos, pero invítalles a reflexionar sobre o investimento real que supuxo, non só economicamente, senón a nivel turístico. Por todo iso, gustaríalle que os demais se pronunciasen publicamente como xa o fixeron, e que expresaran á cidadanía se deben apostar por un evento como este que atraeu tantos beneficios a Cambre, ou se deben volver ao pasado, organizando unha xornada de concertos que custaba o mesmo, e que non xeraba nin por asomo o impacto deste ano.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que rematada a comparecencia do concelleiro pasan ao seguinte punto da orde do día.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que quere un minuto nada máis.

O Sr. alcalde di que el cre que foi transixente, eles fixeron as preguntas e deixoulles que se tomasen o tempo que quixeran para replicar, e non van falar outra vez, porque se don Luis Miguel Taibo Casás lle replica outra vez ao concelleiro de Cultura, este vaille replicar tamén, e o mesmo poderían pedir o resto dos voceiros.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que só está pedindo un minuto para rematar se o estima oportuno.

O Sr. alcalde di que isto non é un xogo, el estimaba que a replica eran cinco minutos, pero o concelleiro considerou as súas peticións e non foron cinco minutos. Di que foi transixente en moitas cousas, pero agora cre que as preguntas xa están contestadas e todos tiveron tempo para unha explicación, o concelleiro fixo a súa despedida, e el considera que agora deben continuar co pleno porque aínda quedan cousas.

### **7º Informes da Alcaldía**

De orde do señor presidente, a secretaria da Corporación dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1392 de data 5 de outubro de 2012, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Fernando Caride Suárez dende o día 7 ao 11 de outubro de 2012, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 17 de xuño de 2011.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

### **8º Rogos e preguntas**

Non se presentaron rogos nin preguntas por escrito.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dous horas e dez minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Manuel Rivas Caridad

Mª Luisa de la Red Ampudia